

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 12 de SETEMBRO de 2008**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o venres, día 12 de setembro de 2008, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 8/08, do 31 de xullo.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.251 á nº 13.950, de 2008.

### **Economía, Facenda e Especial de Contas**

3.-Aceptación da ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Narón.

4.-Aceptación da ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Noia.

5.-Aceptación da ampliación da delegación das competencias tributarias do Concello de Porto do Son.

6.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello da Baña.

7.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Arzúa.

8.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Cariño.

9.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Mazaricos.

10.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Miño.

11.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Moeche.

[12.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Oza dos Ríos.](#)

[13.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello de Santa Comba.](#)

[14.-Aceptación da prórroga da delegación das competencias tributarias do Concello do Val do Dubra.](#)

[15.-Rectificación do ditame do PROXECTO REDE XIANA.](#)

[16.-Aprobación da Conta Xeral do Orzamento da Deputación Provincial correspondente ao exercicio 2007.](#)

### **Cooperación e Asistencia aos Concellos**

[17.-Aprobación dos proxectos reformados das obras do Concello de Muros incluídas no Plan de obras e servizos \(POS\) 2007 “Muro no camiño Trión-cemiterio e pavimentación Creo e outro”, código 07.2100.0223.0 e “Muros e mellora de firme camiño Regofrietoso e outros”, código 07.2100.0224.0.](#)

[18.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación da zona vella de Laxe” do Concello de Laxe, incluída no Plan de cooperación provincial \(PCP\) 2007. Código 07.3100.0114.0.](#)

[19.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Acondicionamento da área recreativa Santiso para praza” do Concello de Malpica, incluída no Plan de obras e servizos \(POS\). Código 08.2100.0157.0](#)

[20.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Saneamento O Montiño-Belina” do Concello de Padrón, incluído no Plan de obras e servizos \(POS\) 2008. Código 08.2100.0258.0.](#)

[21.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Saneamento e abastecemento de auga no Casal de Poño e Agrafoxo” do Concello de Rois, incluída no Programa operativo local \(POL\) 2006. Código 06.2300.0233.0.](#)

### **Comisión de Persoal e Réxime Interior**

[22.-Modificación do Cadro de Persoal.](#)

[23.-Aprobación da Ordenanza reguladora do BOP.](#)

**Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

[24.-Aprobación das bases reguladoras e texto do convenio do programa de cooperación cos concellos da provincia para creación ou mantemento dos servizos de normalización lingüística, anualidades 2009-2011.](#)

[25.-Proposta de convenio de colaboración entre a deputación e a entidade de iniciativa social ASPABER para o cofinanciamento da adquisición de dúas furgonetas.](#)

[26.-Proposta de convenio de colaboración entre a deputación e a entidade de iniciativa social RENACER para o cofinanciamento da adquisición dunha furgoneta.](#)

[27.-Proposta de convenio de colaboración entre a deputación e a entidade de iniciativa social INTEGRO para o cofinanciamento da adquisición dun furgón adaptado.](#)

[28.-Proposta de convenio de colaboración entre a deputación e a entidade de iniciativa social ASFEDRO para o cofinanciamento da adquisición dun vehículo.](#)

[29.-Proposta de convenio de colaboración entre a deputación e os Concellos da Coruña, Culleredo e Ferrol para o mantemento da casa de acollida para mulleres e de reserva de prazas para usuarias dos concellos da provincia.](#)

ACTUACIÓN DE CONTROL

[MOCIÓN](#)

ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 12 DE SETEMBRO DE 2008

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 12 de setembro de 2008, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

##### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

##### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON ALFONSO BALSEIRO GÓMEZ	PP
DOÑA CARMEN FELICIDAD BORBUJO MARTÍNEZ	PP
DON XOÁN MANUEL CABO PÉREZ	BNG
DOÑA MARÍA PILAR FARJAS ABADÍA	PP
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON ADOLFO GACIO VÁZQUEZ	PP
DOÑA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ LUIS GARCÍA GOROSTIZU	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON RICARDO GARCÍA-BORREGÓN MILLÁN	PP
DOÑA CARIDAD GONZÁLEZ CERVIÑO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE

DON JOSÉ MANUEL PEQUEÑO CASTRO	PSOE
DOÑA ROSANA PÉREZ FERNÁNDEZ	BNG
DON PEDRO PIÑEIRO HERMIDA	PSOE
DON XOÁN MANUEL SANDE MUÑIZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL SANTOS MANEIRO	PP
DOÑA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DOÑA MARÍA DEL PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DONA ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESÚS VEIGA SABÍN	PP
DON RAMÓN EDUARDO VELOSO RODRÍGUEZ	PSOE
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Escúsanse os Sres. Cobián Fernández de la Puente, Rama Seoane e Rey Varela.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. Secretario xeral le os asuntos incluídos na orde do día, verbo dos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 8/08, DO 31 DE XULLO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 8/08, do 31 de xullo.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 11.251 Á Nº 13.950, DE 2008.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 11.251 á nº 13.950, de 2008.

**3.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE NARÓN.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Narón en relación coa seguinte materia:

- A facultade, de acordo co disposto no artigo 77 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co imposto sobre bens inmobles.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos desde o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **4.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE NOIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Noia en relación coa seguinte materia:

- A facultade, de acordo co disposto no artigo 77.8 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co imposto sobre bens inmobles.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **5.-ACEPTACIÓN DA AMPLIACIÓN DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE PORTO DO SON.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a ampliación de competencias delegadas en materia tributaria acordada polo Concello de Porto do Son en relación coa seguinte materia:

- A facultade, de acordo co disposto no artigo 77.8 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materia de colaboración e inspección en relación co imposto sobre bens inmobles.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **6.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DA BAÑA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello da Baña. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 28 de maio de 2008, ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **7.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE ARZÚA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:



“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 acordada polo Concello de Arzúa.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **8.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE CARIÑO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Cariño. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 29 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **9.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MAZARICOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Mazaricos. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 28 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **10.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MIÑO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria durante 10 anos máis a partir do remate do período actual de delegación, é dicir, a partir do 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Miño. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 26 de abril de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

#### **11.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE MOECHE.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Moeche. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 7 de maio de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **12.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE OZA DOS RÍOS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Oza dos Ríos. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 6 de xuño de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **13.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DE SANTA COMBA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria ata o 1 de xaneiro de 2022 e que rematan orixinariamente o 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Santa Comba. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 22 de maio de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## **14.-ACEPTACIÓN DA PRÓRROGA DA DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS TRIBUTARIAS DO CONCELLO DO VAL DO DUBRA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aceptar a prórroga das delegacións de competencias en materia tributaria durante 10 anos máis a partir do remate do período actual de delegación, é dicir, a partir do 1 de xaneiro de 2012 acordada polo Concello de Val do Dubra. Nesta prórroga tamén se incluírán as delegacións acordadas polo concello desde o día do acordo plenario, o 18 de marzo de 2008 ata o 31 de decembro de 2011 e aceptadas por esta deputación.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases para a prestación dos servizos tributarios aos concellos da provincia e terá efectos dende o día en que se publique este acordo no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido no artigo 7 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo.”

## 15.-RECTIFICACIÓN DO DITAME DO PROXECTO REDE XIANA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Corrixir o programa no ditame referido ao proxecto REDE XIANA, para facilitar o seu control e fiscalidade créase un programa asociado a este proxecto, por iso onde di 322C debe dicir **322P**.

En consecuencia o acordo debe quedar redactado no apartado 2º, do seguinte modo:

2º.- Aprobar a posta en marcha do proxecto REDE XIANA e facultar á Presidencia para realizar as xestións necesarias para a súa execución, de acordo co seguinte presuposto:

PARTIDA	DOTACIÓN	IMPUTACIÓN TEMPORAL			
		2008	2009	2010	2011
0104/322P/131.00	445.464,79	75.174,71	149.019,55	148.150,19	73.120,34
0104/322P/160.03	138.486,21	22.150,81	45.630,64	46.500,00	24.204,76
0104/322P/226.99	238.000,00	33.083,33	84.666,67	84.666,67	35.583,33
0104/322P/227.99	2.189.440,00	106.666,67	1.031.973,33	1.017.333,33	33.466,67
0104/322P/481.01	872.730,00	0,00	458.280,00	414.450,00	0,00
<b>Total proxecto</b>	<b>3.884.121,00</b>	<b>237.075,52</b>	<b>1.769.570,19</b>	<b>1.711.100,19</b>	<b>166.375,10</b>

## 16.-APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Aprobar a Conta xeral da Excma. Deputación Provincial correspondente ao exercicio económico de 2007, unha vez cumpridos os trámites dispostos no art. 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sen que se presentaran reparos ou observacións á devandita.

2º.- Renderlle ao Consello de Contas a dita conta unha vez aprobada definitivamente.”

**17.-APROBACIÓN DOS PROXECTOS REFORMADOS DAS OBRAS DO CONCELLO DE MUROS INCLUÍDAS NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2007 “MURO NO CAMIÑO TRIÓN-CEMITERIO E PAVIMENTACIÓN CREO E OUTRO”, CÓDIGO 07.2100.0223.0 E “MUROS E MELLORA DE FIRME CAMIÑO REGOFRIETOSO E OUTROS”, CÓDIGO 07.2100.0224.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar os proxectos reformados das obras do Concello de Muros incluídas no Plan de obras e servizos (POS) 2007: “Muro camiño Trión-Cemiterio e pavimentación Creo e outro”, código: 07.2100.0223.0, e “Muro e mellora de firme camiño Regofreitoso e outros”, código: 07.2100.0224.0, que aínda que non supoñen modificación dos seus presupostos totais, si implican alteración do contido dos proxectos xa que varía o trazado inicialmente previsto.”

<u>Código</u>	<u>Concello</u>	<u>Denominación</u>	<u>Deputación F. propios</u>	<u>Deputación Préstamo</u>	<u>Estado</u>	<u>Concello.</u>	<u>Orzamento total</u>
07.2100.0223.0	Muros	Muro camiño Trión-Cemiterio e pavimentación Creo e outro	24.494,19	23.924,56	8.544,49	27.219,11	84.182,35
07.2100.0224.0		Muro e mellora de firme camiño Regofreitoso e outros	20.208,21	19.738,24	7.049,37	22.456,31	69.452,13

**18.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DA ZONA VELLA DE LAXE” DO CONCELLO DE LAXE, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007. CÓDIGO 07.3100.0114.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “Pavimentación casco vello Laxe” do Concello de Laxe, incluída no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007, (código: 07.3100.0114.0), que non representa variación no seu orzamento total nin cambia o seu obxecto nin a súa finalidade pero implica unha alteración interna nas súas partidas superior ao 30% de orzamento total da obra.”

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación f.p.</b>	<b>TOTAL</b>
07.3100.0114.0	Laxe	Pavimentación casco vello Laxe	153.882,96	153.882,96

**19.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DA ÁREA RECREATIVA SANTISO PARA PRAZA” DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS). CÓDIGO 08.2100.0157.0**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “Acondicionamento área recreativa Santiso para praza” do Concello de Malpica de Bergantiños, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2008. Código: 08.2100.0157.0, que non representa variación no seu orzamento total nin cambia o seu obxecto nin a súa finalidade pero implica unha alteración interna nas súas partidas superior ao 30% de orzamento total da obra.”

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación F. propios</b>	<b>Deputación Préstamo</b>	<b>Estado</b>	<b>Concello.</b>	<b>Orzamento total</b>
08.2100.0157.0	Malpica de Bergantiños	Acondicionamento área recreativa Santiso para praza	23.256,23	16.009,33	6.659,07	4.075,37	50.000,00

**20.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “SANEAMENTO O MONTIÑO-BELINA” DO CONCELLO DE PADRÓN, INCLUÍDO NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) 2008. CÓDIGO 08.2100.0258.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do proxecto da obra “Saneamento Montiño-Belina” do Concello de Padrón, incluída no Plan de obras e servizos (POS) 2008. Código:

08.2100.0258.0, que non representan variación no seu orzamento total pero implica unha alteración interna nas súas partidas superior ao 30% de orzamento total da obra.”

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación F. propios</b>	<b>Deputación Préstamo</b>	<b>Estado</b>	<b>Concello.</b>	<b>Orzamento total</b>
08.2100. 0258.0	Padrón	Saneamento Montinho - Belina	24.128,92	16.610,07	6.908,95	10.756,33	58.404,27

**21.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “SANEAMENTO E ABASTECIMENTO DE AUGA NO CASAL DE POÑO E AGRAFOXO” DO CONCELLO DE ROIS, INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL (POL) 2006. CÓDIGO 06.2300.0233.0.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Saneamento e abastecemento en Casal de Poño e Agrafoxo” do Concello de Rois incluída no POL 2006. Código: 06.2300.0233.0, cuxos datos de seguido se indican, que non representa unha variación no seu presuposto total, nin varía a finalidade ou o obxecto das obras, pero si modifica a situación dalgunhas unidades de obra.”

<b>Código</b>	<b>Concello</b>	<b>Denominación</b>	<b>Presuposto</b>
06.2300. 0233.0	Rois	Saneamento e abastecemento en Casal de Poño e Agrafoxo	298.957,72

**22.-MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1º.- Modificar o cadro de persoal do ano 2008 desta Deputación provincial, minorando o número das prazas de administrativos de Administración xeral en dúas e incrementar o número de prazas de técnicos de xestión de Administración xeral noutras dúas.

2º.- Aprobar, en consecuencia, o cadro de persoal do ano 2008 que figura a continuación:

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**  
**CADRO DE PERSOAL 2008**

## **PERSOAL FUNCIONARIO**

### **DENOMINACIÓN-GRUPO-PAZAS**

#### **FUNCIONARIOS DE HABILITACIÓN NACIONAL**

Secretario xeral: A1-1  
Interventor xeral: A1-1  
Tesoureiro: A1-1  
Oficial maior: A1-1  
Viceinterventor: A1-1  
Interventor adxunto: A1-1  
Vicetesoureiro: A1-1  
Xefe Servizo Asistencia Económica: A1-1

#### **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL**

##### **SUBESCALAS**

Técnica: A1-20  
Xestión: A2-25  
Administrativa: C1-174  
Auxiliar: C2-32  
Subalterna: E (Lei 30/1984)-23

#### **ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**

##### **SUBESCALA TÉCNICA**

##### **CLASE TÉCNICOS SUPERIORES**

Ltrado asesor xurídico: A1-1  
Ltrado adxunto: A1-2  
Arquitecto: A1-2  
Enxeñeiro industrial: A1-1  
Enxeñeiro Vías e Obras: A1-4  
Arquiveiro Bibliotecario: A1-1  
Técnico de Organización: A1-5  
Xefe Servizo de Informática: A1-1  
Técnico superior Informática: A1-5  
Técnico superior Unión Europea: A1-2  
Analista: A1-8  
Técnico normalización lingüística: A1-2  
Técnico políticas de igualdade: A1-1  
Xefe Servizo Xestión Tributaria: A1-1  
Xefe Servizo Inspección Tributaria: A1-1  
Inspector de Tributos Locais: A1-1  
Profesor Secundaria R. Puga Ramón: A1-36  
Profesor Secundaria Calvo Sotelo: A1-8



Xefe Serv. Asist. Técnica: A1-1  
Xornalista: A1-1  
Administrador do contorno informático: A1-1  
Técnico de Xestión Cultural: A1-1  
Recadador de Tributos Locais: A1-2  
Técnico Prevención Riscos Laborais: A1-1  
Médico Especialista Medicina Traballo/Diplomado Medicina Empresa: A1-1  
Técnico Biblioteca e Arquivo: A1-1  
Técnico Xestión Proxectos: A1-2  
Psicólogo: A1-1  
Director Fogar Infantil Emilio Romay: A1-1  
Técnico Servizos Sociais: A1-1

### **CLASE TÉCNICOS DE GRAO MEDIO**

Profesor Músico-Pianista: A2-5  
Profesora de Danza: A2-6  
Arquitectos técnicos: A2-6  
Enxeñeiros técnicos Vías e Obras: A2-5  
Enxeñeiro técnico Enxe. e Mantemento: A2-1  
Enxeñeiro técnico Agrícola: A2-1  
Enxeñeiro técnico Industrial: A2-1  
Analista programador: A2-2  
Encargado Imprenta: A2-1  
Técnicos Servizos Sociais: A2-3  
Profesor Fogar Instituto R. Puga Ramón: A2-1  
Axudante Arquivo e Biblioteca: A2-11  
Enxeñeiros técnicos en topografía: A2-2  
Técnicos de xestión económico-financeira: A2-16  
Profesor E.F. Instituto Puga Ramón: A2-1  
Profesor E.C. Instituto Puga Ramón: A2-1  
Monitor: A2-1  
Analistas técnicos: A2-3  
Subinspector de Tributos Locais: A2-2  
Técnicos de Xestión Tributaria: A2-29  
Profesores técnicos FP : A2-17  
Profesor de Apoio IES Puga Ramón: A2-1  
A.T.S./D.U.E. de Empresa: A2-1  
Asesor Sistemas Xestión Municipal: A2-5  
Técnico de Xestión Administración Especial: A2-3  
Educador Fogar Infantil Ferrol: A2-2

### **CLASE TÉCNICOS AUXILIARES**

Delineantes: C1-6  
Programador de sistemas: C1-3  
Técnico explotación nocturna: C1-1  
Programador de aplicacións: C1-8  
Operador de ordenador: C1-3

Preparador de traballos: C1-1  
Encargado de Protocolo: C1-1  
Monitor técnico: C1-2  
Axentes tributarios: C1-3  
Especialista en Educación Infantil: C1-2  
Educador F.I. Emilio Romay (quenda 24 horas): C1-5  
Educador/ Titor : C1-6  
Auxiliar Técnico Infraest. E Conservación: C1-17

## **SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS**

### **PRAZAS DE COMETIDOS ESPECIAIS**

Condutores mecánicos: C2-5  
Auxiliares gravadores: C2-1  
Auxiliar educadora: C2-47  
Subgobernanta: C2-1  
Telefonista: E (Lei 30/1984)-4  
Celadoras: E (Lei 30/1984)-10  
Celadora/Subalerno: E (Lei 30/1984)-2  
Costureiras: E (Lei 30/1984)-2  
Condutores mecánicos: E (Lei 30/1984)-9

### **PERSOAL DE OFICIOS**

Oficial operario de servizos: C2-2  
Oficiais industriais Imprenta: C2-4  
Cociñeiros: C2-5  
Axudantes de Cociña: E (Lei 30/1984)-4  
Camareiras: E (Lei 30/1984)-6  
Operario de servizo: E (Lei 30/1984)-1  
Operario Sabón: E (Lei 30/1984)-2  
Operaria de servizos varios: E (Lei 30/1984)-3  
Limpadora: E (Lei 30/1984)-2

### **PERSOAL LABORAL**

Recadador de Tributos Locais: 2  
Oficiais maiores: 5  
Oficiais 1ª (R): 10  
Oficiais 2ª (R): 23  
Profesores de Ensino Secundario.: 1  
Axudante de Arquivo Biblioteca: 1  
Director Fogar Infantil Ferrol: 1  
Técnico de son: 1  
Operario Auxiliar Serv. Imprenta: 1  
Operario Auxiliar Serv. Biblioteca: 1  
Operario Auxiliar Serv. C. Danza: 1

Oficial operario de servizos: 3  
A.T.S.: 1  
Oficial Mantemento: 1  
Oficial Carpintería: 1  
Ordenanzas: 2  
Subalternos: 6  
Serenos: 1  
Telefonistas: 2  
Axudante de cociña: 4  
Oper. serv. varios: 8  
Celadoras: 7  
Encargadas de Portería: 2  
Corrector de Imprenta: 2  
Responsables Fotocomposición, Impresión e Deseño Gráfico: 3  
Oficiais de Imprenta F.P. II: 7  
Oficiais Industriais: 1  
Auxiliar de Taller: 1  
Impresor: 1  
Gravadores de texto: 3  
Gobernanta Pazo de Mariñán: 1  
Cociñeira: 8  
Camareira: 2  
Oper. Agrícola: 3  
Operario Agrícola Encargado: 1  
Auxiliar técnico en Topografía: 2  
Mozo de Servizo: 2  
Conductor: 1

#### **PERSOAL EVENTUAL**

Asesores: 1  
Técnicos: 6  
Técnicos: 4  
Administrativos: 9  
Auxiliares: 17”

### **23.- APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO BOP.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

”1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

2º.- Abrir un prazo de información pública de trinta días, na que se dará audiencia aos interesados para que presenten reclamacións e suxestións.

3º.- Entender que a aprobación inicial é definitiva, no caso de que transcorrido o período de información pública non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, sen necesidade de adoptar novo acordo plenario.

## **ORDENANZA REGULADORA DO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA**

### **PREÁMBULO**

A Lei 5/2002, do 4 de abril, reguladora dos boletíns oficiais das provincias, configura expresamente ao Boletín Oficial da Provincia (BOP) como un servizo público de ámbito provincial, competencia das Deputacións provinciais, ás que lles corresponde a súa edición e xestión.

De igual forma establécese que, conforme ao disposto no artigo 45 da Lei 30/1992, e, en particular, o artigo 9 da propia Lei 5/2002, do 4 de abril, as Deputacións provinciais impulsen o emprego e aplicación das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos na prestación do servizo do BOP, polo que deberá quedar, en todo caso, garantida a autenticidade dos documentos inseridos.

A Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos reconece o dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos e establece que a publicación dos diarios ou boletíns oficiais nas sedes electrónicas da administración competente terá, nas condicións e garantías que cada administración pública determine, os mesmos efectos que os atribuídos á súa edición impresa.

A Deputación Provincial da Coruña ten a vontade de continuar impulsando a consolidación do avance tecnolóxico que permitiu consultar en internet a información publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Na actualidade, a difusión, implantación e aceptación dos medios telemáticos e a incorporación de tecnoloxías de seguridade ás comunicacións electrónicas, ofrece a posibilidade de continuar impulsando a consolidación do avance tecnolóxico na prestación do servizo do Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do

procedemento administrativo común, Lei 59/2003, do 19 de decembro, sobre sinatura electrónica, e a propia Lei 5/2002, reguladora dos boletíns oficiais das provincias, e a Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, constitúen o soporte legal básico para a plena incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación na prestación deste servizo provincial, e a posta en marcha do proxecto do boletín electrónico na Deputación Provincial da Coruña.

O boletín electrónico na Deputación Provincial da Coruña supón que a edición oficial do BOP será en formato electrónico e poderase consultar en internet, de acceso universal e gratuíto, así como a progresiva eliminación do soporte papel na xestión das publicacións. Todo iso contribuirá, sen dúbida, á simplificación dos trámites e ao acurtamento dos prazos para a inserción e publicación de edictos, así como á inmediateza do acceso á información publicada. En consecuencia, o obxectivo é a prestación dun servizo máis áxil, cómodo, profesional e moderno a todos os cidadáns e, en especial, aos concellos da nosa provincia.

## **Capítulo I.- Disposicións xerais**

### **Artigo 1.- Obxecto**

O obxecto desta ordenanza é a regulación da prestación do servizo de Boletín Oficial da Provincia da Coruña, de acordo co artigo 2 da Lei 5/2002, do 4 de abril, reguladora dos boletíns oficiais das provincias, servizo público de carácter provincial, competencia propia desta Deputación provincial, no que se refire á súa edición e xestión.

### **Artigo 2.- Forma de xestión**

A dirección e coordinación do Boletín Oficial da Provincia atribúeselle á Secretaría Xeral, correspondéndolle a súa xestión administrativa ao Servizo de Xestión Tributaria e a súa edición á Imprenta provincial, sen prexuízo das competencias de dirección superior dos servizos provinciais que recoñecen o artigo 34.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, ao presidente da deputación.

### **Artigo 3.- Contido e autenticidade**

1. O BOP é o xornal oficial no que se publicarán as disposicións de carácter xeral e as ordenanzas, así como os actos, edictos, acordos, notificacións, anuncios e demais resolucións das administracións públicas e da administración de xustiza de ámbito territorial provincial, así como calquera outras administracións e particulares, cando así estea previsto en disposición legal ou regulamentaria, así como outros actos ou anuncios

que aquelas remitan. Ademais, poderán publicarse os anuncios de particulares que deban inserirse de acordo coa lexislación vixente ou para información xeral.

2. Os textos publicados no BOP teñen a consideración de oficiais e auténticos.

A autenticidade, confidencialidade e integridade da información que publica o BOP da Coruña, quedarán garantidas pola Deputación da Coruña, que para iso dispoñerá das medidas xurídicas e técnicas necesarias.

#### **Artigo 4.- Confidencialidade e protección de datos**

En todo caso e en cumprimento do artigo 4 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, os datos de carácter persoal serán protexidos nos termos establecidos pola Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, nas demais leis que regulan o tratamento da información e nas súas normas de desenvolvemento.

#### **Artigo 5.- Características**

1. No encabezamento de cada número do BOP e de cada unha das súas páxinas figurará:

- O número do exemplar diario, que será correlativo desde o comezo de cada ano.
- A data de publicación.
- O número de páxina, que será correlativo desde o comezo de cada número do BOP.

2. No pé de cada disposición, acto ou anuncio incluírase o código de verificación que permita contrastar a súa autenticidade.

3. A data de publicación das disposicións, actos e anuncios será a que figure no encabezamento e en cada unha das páxinas do exemplar diario en que se insiren.

4. En cada número do BOP incluírase un sumario das disposicións e actos incluídos neste, de acordo coa seguinte estrutura:

- \* I.- Administración Central
- \* II.- Administración Electoral
- \* III.- Administración Autonómica
- \* IV.- Administración Local
- \* V.- Administración de Xustiza
- \* VI.- Outras Entidades e Anuncios Particulares

## **Artigo 6.- Periodicidade**

O BOP da Coruña publicarase de luns a venres, agás festivos (nacionais, autonómicos da Comunidade de Galicia e locais do municipio da Coruña, sede do órgano titular da competencia do servizo), coincidindo a data de edición coa da súa difusión efectiva. Esta periodicidade poderase alterar cando así o dispoña o presidente da deputación en atención ás circunstancias que o aconsellen.

Poderán editarse suplementos ou números extraordinarios e coincidirá a data de edición coa da súa difusión efectiva, cando así o requiran as necesidades existentes.

## **Artigo 7.- Lingua de publicación**

Os textos de todas as publicacións a incluír no BOP transcribíranse na lingua na cal sexan enviados polos anunciantes.

## **Artigo 8.- Formato de edición**

1. A edición oficial do BOP será en formato electrónico de acordo coas condicións que se establecen nesta ordenanza, así como na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e na súa normativa de desenvolvemento.
2. O BOP en formato electrónico é consultable en internet, de acceso universal e ten carácter gratuíto.

## **Artigo 9.- Obriga de publicar**

A Deputación da Coruña está obrigada a publicar no BOP cantas disposicións, ordenanzas, resolucións, edictos, anuncios, actos ou acordos das distintas administracións públicas e da administración de xustiza se deban inserir nel en virtude de disposición legal ou regulamentaria, así como outros actos ou anuncios que aquelas lles remitan, sen prexuízo do establecido na Ordenanza fiscal reguladora das taxas de publicación en cada momento vixente.

## **Artigo 10.- Subscricións e distribución**

1. Por ser o acceso ao BOP en formato electrónico, universal, libre e gratuíto, non é necesario formalizar ningunha subscrición para a súa consulta.

2. Non obstante, o BOP poderá ofrecer servizos singulares ou complementarios, cuxa recepción requirirá a correspondente solicitude por parte dos interesados e a aceptación das condicións establecidas pola deputación.

## **Capítulo II.- Edición electrónica**

### **Artigo 11.- Publicación da edición electrónica**

1. A edición electrónica do Boletín Oficial da Provincia publicarase na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

2. A edición electrónica do Boletín Oficial da Provincia respectará os principios de accesibilidade e usabilidade, de acordo coas normas establecidas ao respecto, utilizará estándares abertos e, se é o caso, aqueles outros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

3. A sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña dotarase das medidas de seguridade que garantan a autenticidade e integridade dos contidos do Boletín Oficial da Provincia, así como o seu acceso permanente, con suxeición aos requisitos establecidos no Esquema Nacional de Seguridade establecido no artigo 42 da Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

### **Artigo 12.- Acceso á edición electrónica**

1. A Deputación Provincial da Coruña garantirá, a través de redes abertas de telecomunicación, o acceso universal e gratuíto á edición electrónica do Boletín Oficial da Provincia.

2. A edición electrónica do Boletín Oficial da Provincia deberá estar accesible na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña na data que figure no encabezamento do exemplar diario, agás que iso resulte imposible por circunstancias extraordinarias de carácter técnico.

### **Artigo 13.- Requisitos da edición electrónica**

1. A edición electrónica do Boletín Oficial da Provincia deberá incorporar sinatura electrónica avanzada como garantía da autenticidade, integridade e inalterabilidade do seu contido. Os cidadáns poderán verificar o cumprimento destas esixencias mediante aplicacións estándar ou, se é o caso, mediante as ferramentas informáticas que proporcione a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

2. Correspóndelle á Deputación Provincial da Coruña:



a) Garantir a autenticidade, integridade e inalterabilidade do Boletín Oficial da Provincia que se publique na súa sede electrónica.

b) Custodiar e conservar a edición electrónica do Boletín Oficial da Provincia.

c) Velar pola accesibilidade da edición electrónica do Boletín Oficial da Provincia e a súa permanente adaptación ao progreso tecnolóxico.

3. A Deputación Provincial da Coruña publicará na súa sede electrónica as prácticas e procedementos necesarios para a efectividade do establecido neste artigo.

### **Capítulo III.- Procedemento de publicación**

#### **Artigo 14.- Remisión de documentos**

Os orixinais destinados á publicación no Boletín Oficial da Provincia, remitiranse en formato electrónico e, excepcionalmente, en formato papel, de acordo coas garantías, especificacións e modelos que se establezan por resolución da Presidencia desta deputación e que figuren na sede electrónica da Deputación da Coruña.

O formato dos documentos, xa sexa texto, gráfico, imaxe ou calquera outro, deberá ser susceptible de dixitalización e resultar idóneo para comunicar o contido do documento de que se trate.

#### **Artigo 15.- Facultade de ordenar a inserción e autenticidade dos documentos**

1.- A autenticidade dos orixinais remitidos para a súa publicación terá que quedar garantida mediante a súa sinatura dixital ou, excepcionalmente, manuscrita.

2.- A orde de inserción correspóndelle ao órgano competente da respectiva administración anunciante, que deberá ser asinada pola autoridade ou funcionario facultado para iso e cuxa identidade e sinatura deberán figurar no Rexistro de Autoridades e Funcionarios que se sinala no artigo 8 da Lei 5/2002 do 4 de abril, no que constará a sinatura autógrafa con nome e cargo da persoa á que pertenza.

3.- A Deputación da Coruña executará a orde de inserción das correspondentes administracións públicas e da administración de xustiza, sempre que cumpran os requisitos establecidos nesta ordenanza.

Para tal efecto, o Boletín Oficial da Provincia manterá un rexistro das autoridades e funcionarios facultados para asinar a orde de inserción dos documentos destinados á publicación no BOP, onde constará a sinatura autógrafa, o nome e o cargo da persoa á que pertence. Así, os correspondentes órganos das administracións públicas e da administración de xustiza acreditarán diante da Deputación da Coruña, segundo a súa normativa específica, ás persoas facultadas para ordenar a inserción, así como as modificacións que se poidan producir.

4.- Cando se trate de anuncios tramitados a pedimento de particulares, estes deberán de acreditar de forma fidedigna a condición a través da cal actúan.

5.- No suposto de falta de datos, redacción inintelixible, carencias ou incidencia de carácter técnico co soporte informático, non se cursará a solicitude de inserción, outorgándosele á persoa interesada un prazo de dez días para corrixir o defecto ou a falta. Se, transcorrido o devandito prazo, non se corrixise, devolverase a documentación ao órgano remitente.

#### **Artigo 16.- Publicación de anuncios**

Os orixinais serán transcritos na mesma forma na que se estean redactados e autorizados polo órgano remitente, sen que por ningunha causa poidan variarse ou modificarse os seus textos unha vez teñan entrada no BOP, coa única excepción de que o órgano remitente dea a súa autorización de forma fidedigna.

O solicitante da inserción responsabilízase do contido do texto a publicar, así como dos efectos que, fronte a terceiros, puidesen derivarse deste.

As insercións serán publicadas segundo a orde cronolóxica de chegada das correspondentes ordes de inserción ás oficinas do Boletín Oficial da Provincia, a excepción das que impliquen un prazo de tempo improrrogable para a eficacia e viabilidade do proceso a que fan referencia, as cales terán preferencia, ou aquelas que teñan entrada en formato só papel, ou que polo volume do texto que se ten que publicar ou polas súas características particulares supoñan a realización de traballos peculiares ou non previstos, que se axustarán en calquera caso ao prazo máximo disposto no artigo seguinte.

Os orixinais que se envíen ao BOP para a súa publicación, terán carácter reservado. Non poderá facilitarse ningunha información sobre eles, agás autorización expresa do órgano remitente.

Se algún texto aparece publicado con erratas, que alteren ou modifiquen o seu contido, realizarase coa celeridade necesaria a corrección do texto na súa totalidade ou na parte necesaria para a súa total aclaración.

#### **Artigo 17.- Prazos de publicación**

A publicación deberase realizar no prazo máximo de 15 días hábiles posteriores ao pagamento da taxa correspondente, se este procede, ou, no seu defecto, da recepción da orde de inserción nas oficinas do BOP. No caso de publicación urxente o dito prazo reducirase a 6 días hábiles.

Nas publicacións con carácter de urxencia, a inserción estará suxeita á correspondente tarifa de anuncios publicados con carácter de urxente.

#### **Capítulo IV.- Consulta, distribución e custodia da edición do BOP**

##### **Artigo 18.- Consulta do boletín**

1. O acceso á edición oficial do BOP será universal e con carácter gratuíto a través de internet, de acordo co artigo 10 desta ordenanza.
2. A Deputación da Coruña determinará en que locais facilitará a consulta pública e gratuíta do BOP, co obxecto de cumprir o mandato do artigo 10 da Lei 5/2002.
3. As persoas interesadas en obter unha copia oficial en papel das publicacións do BOP poden imprimila con medios propios desde o web oficial do BOP.

##### **Artigo 19.- Custodia**

1. A Deputación Provincial da Coruña custodiará, seguindo os requirimentos xa referidos na presente ordenanza, todos aqueles datos de carácter informático, así como os seus posibles ficheiros adxuntos, que conforman cada edición electrónica efectuada.
2. Imprimirase un exemplar en formato papel de cada edición realizada, que será custodiado pola Deputación Provincial da Coruña.

3. De acordo co establecido na lexislación vixente, a Deputación Provincial da Coruña acreditará perante o órgano do que depende o Depósito Legal da provincia da Coruña, a edición electrónica do Boletín Oficial da Provincia, con depósito legal número C-1-1958, e, para tal efecto, entregará 4 exemplares mensuais en soporte informático de todas as edicións realizadas durante aquel período.

#### **Capítulo IV.- Réxime económico**

##### **Artigo 20.- Réxime económico**

De conformidade co establecido no artigo 2º da Lei reguladora dos boletíns oficiais das provincias, polos servizos prestados ou actividades realizadas pola xestión do BOP, a Deputación Provincial da Coruña poderá establecer e esixir taxas e/ou prezos públicos, cuxa regulación se realizará, se é o caso, mediante a aprobación das correspondentes ordenanzas.

##### **Disposición adicional**

Para todo o non regulado na presente ordenanza, estarase ao que dispón a Lei 5/2002, do 4 de abril, reguladora dos boletíns oficiais das provincias, e o resto de normas legais ou regulamentarias que resulten de aplicación.

##### **Disposición transitoria**

No prazo dun ano, aprobaranse os programas e aplicacións electrónicas e telemáticas que se utilizarán para a xestión e publicación do BOP en versión bilingüe castelán-galego co fin de establecer este formato como única edición oficial, polo que se someterá ao Pleno a correspondente proposta de revisión da presente ordenanza.

Ata que non se produza a revisión prevista inseriranse no web provincial, para efectos informativos, cadansúas versións do BOP en castelán e galego.

##### **Disposición derogatoria única**

Á entrada en vigor desta disposición quedarán derogadas todas aquelas que se opoñan ao establecido nela e, entre outras, as seguintes normas:

1) Ordenanza reguladora de Boletín Oficial da Provincia aprobada polo Pleno da Excma. Deputación da Coruña o día 25 de abril de 2003.

2) Resolución da Presidencia nº 10.784 do 23 de xuño de 2003.

### **Disposición final primeira**

As disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución desta ordenanza serán ditadas polo presidente da deputación mediante resolución.

### **Disposición final segunda**

De conformidade co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, esta ordenanza entrará en vigor aos quince días hábiles contados a partir do día seguinte á súa publicación completa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa. Non obstante, a primeira edición do BOP en formato electrónico será sete días naturais despois da entrada en vigor desta ordenanza.

### **Dilixencia**

A precedente ordenanza foi aprobada polo Pleno da Excma. Deputación da Coruña, de                      de                      .”

## **24.-APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E TEXTO DO CONVENIO DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA PARA A CREACIÓN OU MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, ANUALIDADES 2009-2011.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar as bases reguladoras do programa de cooperación cos concellos, mancomunidades ou agrupacións de concellos da provincia da Coruña para a creación ou mantemento dos servizos de normalización lingüística, anualidades 2009-2011, e o modelo dos convenios no que esa cooperación se formalice.

2.- Publicar as mencionadas bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia

3.- Facultar á Presidencia para a sinatura dos correspondentes convenios e para a execución do presente acordo.”

**BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA CREACIÓN OU MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, ANUALIDADES 2009-2011.**

**Base 1.<sup>a</sup> Finalidade**

A Deputación da Coruña convoca un Programa de cooperación cos concellos da provincia, mancomunidades e agrupacións, destinadas a sufragar os custos do persoal que realice as funcións descritas na base 3.<sup>a</sup>, coa intención de cumprir o sinalado no *Plan xeral de normalización lingüística*.

**Base 2.<sup>a</sup> Aplicación orzamentaria**

As axudas ás que se refire o artigo anterior faranse efectivas, no seu día, con cargo á aplicación orzamentaria 07.01/350A/462.01, do orzamento correspondente ao exercicio 2009, 2010 e 2011.

CONCELLO	XORNADA	IMPORTE DA AXUDA		
		2009	2010	2011
Abegondo	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Ames	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Aranga	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Arteixo	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Arzúa	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Baña, A	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Betanzos	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Boimorto	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Boiro	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Boqueixón	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Cabana de Bergantiños	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Carballo	Completa	12000,00	12000,00	12000,00
Cariño	Media	6000,00	6000,00	6000,00
Carnota	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Carral	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Cee	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Cerceda	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Coirós	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Corcubión	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Culleredo	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Dodro	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Dumbría	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00

Fene	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Fisterra	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Irixoa	Media	6.400,00	6.400,00	6.400,00
Laracha, A	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Lousame	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Malpica de Bergantiños	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Melide	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Mesía	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Miño	35h/semanais	11.200,00	11.200,00	11.200,00
Monfero	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Muros	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Muxía	1,5 h/día	2.400,00	2.400,00	2.400,00
Oleiros	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Oroso	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Ortigueira	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Outes	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Paderne	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Pontes de García Rodríguez, As	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Ponteceso	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Pontedeume	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Ribeira	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Rois	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Sada	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
San Sadurniño	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Santa Comba	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Santiso	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Somozas, As	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Teo	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Toques	Media	6000,00	6000,00	6000,00
Tordoia	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Touro	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Val do Dubra	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Valdoviño	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Vedra	15 h semanais	4.800,00	4.800,00	4.800,00
Vilasantar	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Vimianzo	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Zas	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
	<b>TOTAL:</b>	<b>624.800,00</b>	<b>624.800,00</b>	<b>624.800,00</b>

### Base 3.<sup>a</sup> Obxecto do programa

A) As axudas desta convocatoria serán para as retribucións do persoal dos servizos de normalización lingüística durante o período 2009-2011.

A deputación sufragará ata un máximo de 12.000 euros por anualidade e concello, agrupación ou mancomunidade se ten xornada completa, ou 6.000 euros se ten a media xornada.

B) Os servizos municipais de normalización lingüística deberán contar, cando menos, cun/ha especialista titulado/a superior en lingua galega: licenciado/a, en Filoloxía Galego-Portuguesa, en Filoloxía Galega ou en Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués), ou titulado/a en calquera outra licenciatura máis o Celga 5. A súa categoría profesional será a de técnico/a de normalización lingüística. A súa contratación farase mediante un proceso selectivo no que se avalíen os coñecementos e as capacidades reais e prácticas das persoas candidatas para o desenvolvemento das funcións do posto de traballo respectando, en todo caso, os requisitos de igualdade, mérito e capacidade do candidato ou candidata.

C) O obxectivo principal dos servizos de normalización lingüística debe ser o de incrementar o uso e prestixio da nosa lingua en todos os ámbitos do termo municipal, non só no seo da propia administración.

En xeral, as funcións que poden ter os SNL, tanto internas como externas entre outras, son as seguintes:

- Funcións xerais internas:
  - Asesorar a administración en todo o relacionado coa política lingüística.
  - Velar polo cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución e, polo tanto, velar para que se lle garantan os dereitos lingüísticos á cidadanía.
  - Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.
  
- Funcións de dinamización lingüística:
  - Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a



prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade.

- Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa repercusión social.
- Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo, empresarial, etc., do termo municipal.
- Planificar e propoñer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencien a sociedade respecto ao uso da lingua galega.

- Funcións de formación (socio)lingüística:

- Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos, para a poboación en xeral ou para sectores concretos.
- Difundir entre a cidadanía materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos, etc.
- Colaborar no deseño de programas de formación non-lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorábeis á mellora de actitudes lingüísticas.

- Funcións de asesoramento lingüístico interno:

- Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da administración.
- Normalizar a imaxe lingüística e fixar criterios lingüísticos para a organización.
- Resolver dúbidas lingüísticas.
- Elaborar e recomendar materiais específicos, atendendo ás necesidades dos departamentos.

- Funcións de coordinación e apoio entre a Deputación e os concellos:
  - Apoiar e difundir as accións de normalización desenvolvidas pola Deputación da Coruña.
  - Coordinarse coa Deputación e outros concellos para planificar e executar accións de normalización.

#### **Base 4.<sup>a</sup> Solicitantes**

1. Poderán participar tódolos concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos que cumpran cada un deles o requisito do número de habitantes. Só poden presentar unha única solicitude.

#### **Base 5.<sup>a</sup> Prazo. Documentación e lugar de presentación**

1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

2. Documentación: as solicitudes presentaranse no impreso previsto, no que se reflectirá:

-1) O acordo de solicitude de incorporación ao programa

-2) A declaración de estar ao corrente nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social

-3) Autorización á Deputación a solicitar a devandita declaración

-4) Compromiso de publicidade da axuda

-5) Previsións do posto e retribucións do persoal para o que se solicita a subvención.

3. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral da Deputación Provincial da Coruña, ou por calquera outro dos medios aos que se refire o artigo 38.4.º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberase utilizar o modelo que figura como anexo na presente convocatoria.

#### **Base 6.<sup>a</sup> Resolución das peticións**

Serán atendidas tódalas solicitudes dos concellos que cumpran os requisitos da convocatoria.

O servizo de normalización da Deputación elaborarlle a proposta a Presidencia para verificar que cumpren os requisitos da convocatoria para resolver a concesión das axudas.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

#### **Base 7.<sup>a</sup> Aceptación e formalización**

1. O alcalde do concello beneficiario disporá dun prazo de quince días hábiles, contados a partir da recepción da resolución, para comunicar a aceptación das condicións contidas nela.
2. Logo de transcorrer este prazo sen que se comunique a dita aceptación, entenderase tacitamente aceptado se non manifesta a súa desconformidade.
3. Formalizarase esta colaboración mediante a sinatura de convenio entre a deputación e o concello respectivo. Dito convenio será plurianual e o texto figura como anexo I. De setembro a novembro de 2009 e 2010, cada concello poderá presentar, se é o caso, modificacións das condicións.

#### **Base 8.<sup>a</sup> Requisitos para o cobro das axudas de cooperación**

1. Os beneficiarios do programa, unha vez concedida a axuda, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos co obxecto concreto para o que foron concedidos. A deputación poderá comprobar, cando o considere conveniente, a execución dos proxectos subvencionados.
2. Para proceder ao cobro das axudas, os concellos deberanlle remitir á Deputación Provincial da Coruña, logo de asinar o convenio, os seguintes xustificantes:
  - a) Copia compulsada do contrato vixente que o concello formalice co/a traballador/a. Se é funcionario/a resolución de nomeamento e acta da toma de posesión. As funcións que han desempeñar deberán ser da categoría correspondente a un/ha licenciado/a, como técnico/a de normalización lingüística.
  - b) Certificación expedida polo secretario do pagamento das retribucións especificadas no contrato sinalado, incluídos os gastos de Seguridade Social, co detalle das partidas, número de mandamento e data de expedición.

c) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña (art.189.2 do Texto refundido da lei de facendas locais, R.D.lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro), situación que determinará de oficio a propia Deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.

Así mesmo, os concellos deberán acreditar que están ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas directamente pola Deputación en virtude da autorización dada polo concello.

d) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións e axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

e) O beneficiario queda obrigado a facilitar tanta información lle sexa requirida pola Deputación e demais órganos de control externo e sométese ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei orzamentaria e, no seu caso, ao disposto no Código penal.

3. No momento de xustificar a execución total do proxecto, o peticionario presentará:

-1. Unha certificación da Secretaría onde se especifique:

- Que o Servizo de Normalización Lingüística foi prestado ao longo de todo o período do convenio, que desenvolveu funcións sinaladas na base 3 destas, e que o persoal, para o que se percibe a achega da deputación, permaneceu adscrito ao servizo durante o tempo de duración do convenio.
- No caso de que por circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, non fose posible acreditar a cobertura do posto de traballo para o que se percibe a subvención, durante todo o tempo de duración do convenio, deberase reintegrar a parte proporcional da achega da deputación, segundo o cálculo de dividir o importe da subvención polo número de días no que non se prestou o servizo.
- O importe das retribucións brutas aboadas ao persoal contratado para o dito servizo e a cota empresarial que lle foi aboada á Seguridade Social polo dito traballador ou traballadora.
- Importe doutras subvencións recibidas para a mesma finalidade e período, de ser o caso.

-2. Memoria anual do servizo de normalización lingüística no que fará constar ademais se é o caso a publicidade que se deu respecto da axuda da Deputación.

-3. Acreditación de estar ao corrente nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social ou autorización á Deputación para poder solicitalo.

### **Base 9.<sup>a</sup> Tramitación da xustificación**

1. Despois de ver a documentación xustificativa presentada e despois dos informes previos do Servizo de Fomento e do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento dos obxectivos do programa e, se a documentación é correcta, darase por xustificada o importe da axuda.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección.

2. O importe da axuda concedida pola deputación, illadamente ou, de ser o caso, na concorrancia con outras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, non poderá superar en ningún caso o custo das retribucións e Seguridade Social do persoal adscrito ao devandito servizo. Os eventuais excesos serán devoltos polo concello ou compensados directamente pola deputación.

3. O aboamento da axuda materializarase mediante un ingreso na conta sinalada polo concello.

4. Para cobrar a axuda os concellos deberán estar ao día no pagamento das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña, situación que determinará de oficio a propia deputación, a través de Servizo Provincial de Recadación. No caso de existiren débitos, poderá aplicarse o sistema de compensación para o pago da axuda.

5. O beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación, Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

6. Se non se presenta a xustificación dentro de prazo (inicial ou prorrogado), requirirase ao beneficiario para a súa presentación (art. 70.3 do Regulamento da lei 38/2003 xeral de subvencións, R.D. 887/2006, no prazo improrrogábel de 15 días. A falta de xustificación da axuda neste prazo excepcional levará aparellada a perda da axuda e demais responsabilidades dispostas na Lei xeral de subvencións 38/2003, do 17 de novembro. Por resolución da Presidencia iniciarase o expediente de reintegro, e a resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención Provincial para o seu reflexo contábel. A presentación da xustificación non eximirá ao beneficiario das sancións que correspondan consonte a citada lei, coa gradación indicada nestas bases.

### **Base 10.<sup>a</sup> Sancións no caso de incumprimento das bases**

1. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da axuda ou, se é o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar a modificar a resolución da concesión. En ningún caso o importe de todas as subvencións ou axudas concedidas para o mesmo proxecto poderá ser superior ao custo deste.
2. No caso de incumprir os obxectivos ou outras condicións do convenio, o concello deberá reintegrar o percibido máis os xuros de mora. Para a efectividade do reintegro, a deputación queda facultada para compensar cos ingresos pola recadación dos impostos xestionados pola entidade provincial.

### **Base 11.<sup>a</sup> Responsabilidades e réxime sancionador**

1. Os beneficiarios das axudas quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador establecido na Lei 38/2003 xeral de subvencións, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.
2. En canto á aplicación das sancións, se a demora no cumprimento do prazo de xustificación, non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% da contía que corresponda aboar, co límite de 75 euros. Se excedese dun mes, e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio, e será do 20% do importe indicado, co límite de 400 euros. E se a extemporaneidade da xustificación excedese de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo, que suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe total de 900 euros. O incumprimento reiterado polo mesmo beneficiario en distintas convocatorias dos prazos de xustificación, implicará que se apliquen as sancións antes expostas elevando un grao a que procedese.

### **Disposición adicional primeira**

Para o non disposto nesta convocatoria, en especial todo o que fai referencia á posibilidade de levar a cabo un control financeiro no ano seguinte, das subvencións e axudas xustificadas e pagadas, serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de execución do orzamento xeral da Deputación da Coruña para o exercicio de 2008, na Lei 38/2003, do 17

de novembro, xeral de subvencións, e no regulamento que a desenvolve R.D. 887/2006, do 21 de xullo.

### **Disposición adicional segunda**

1. A aprobación do presente programa de cooperación queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor dos Orzamentos da Deputación do exercicio 2009, 2010 e 2011 no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender ás solicitudes que ao abeiro daquel se presenten.
2. Consonte co anterior, non se poderá realizar ningún acto que supoña directa ou indirectamente compromiso provincial de transcendencia orzamentaria mentres non se cumpra a condición suspensiva citada no apartado anterior.
3. En ningún caso o presente programa xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

## ANEXO I

Número /2009

**TEXTO DO  
CONVENIO DE COOPERACIÓN CO CONCELLO, AGRUPACIÓN OU  
MANCOMUNIDADE DE.....(CONCELLOS  
DE).....PARA O FINANCIAMENTO DE CREACIÓN OU  
MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.**

**A Coruña, de dous mil nove**

### **Reunidos**

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra, o Sr./Sra. D./Dña.....Alcalde/sa-Presidente/a do Concello, mancomunidad ou agrupación de .....

Ambos interveñen en función dos seus cargos e en uso das facultades que lles están atribuídas.

### **Expoñen**

1º. Que a Deputación da Coruña considera un obxectivo prioritario manter a colaboración cos concellos para creación e mantemento do Servizo de Normalización Lingüística (segundo as Bases reguladoras do programa de cooperación cos concellos da provincia da Coruña para creación ou mantemento dos servizos de normalización lingüística. Anualidades 2009-2011), no exercicio das competencias dispostas nos artigos 2, 6 e 25 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e 36.2 da Lei 7/1985.

2º. Que lles interesa a ambas entidades a potenciación e o mantemento do Servizo de Normalización Lingüística para o período 2009-2011, polo que se establece o seguinte convenio de cooperación, ao abeiro dos artigos 57 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril e 198.3 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.



Polo exposto, establécense os termos desta colaboración co Concello, agrupación ou mancomunidade de ..... conforme as seguintes

## CLÁUSULAS

### I. FINALIDADE

O presente convenio establécese para a creación ou mantemento do Servizo de Normalización Lingüística do Concello, agrupación ou mancomunidade de.....

### II. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a cooperación consistente na axuda para as retribucións do persoal que se especifica, exclusivamente adscrito ao Servizo de Normalización Lingüística do Concello, agrupación ou mancomunidade de..... no período 2009-2011.

- Denominación do posto: técnico/a de normalización lingüística
- Número de postos: 1
- Réxime de dedicación: xornada.....

### III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da creación ou mantemento do Servizo de Normalización Lingüística, tal como se define na cláusula segunda, cunha achega de \_\_\_\_\_ €.

CONCELLO	XORNADA	IMPORTE DA AXUDA		
		2009	2010	2011
Abegondo	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Ames	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Aranga	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Arteixo	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Arzúa	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Baña, A	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Betanzos	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Boimorto	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Boiro	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Boqueixón	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00

Cabana de Bergantiños	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Carballo	Completa	12000,00	12000,00	12000,00
Cariño	Media	6000,00	6000,00	6000,00
Carnota	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Carral	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Cee	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Cerceda	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Coirós	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Corcubión	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Culleredo	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Dodro	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Dumbría	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Fene	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Fisterra	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Irixoa	Media	6.400,00	6.400,00	6.400,00
Laracha, A	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Lousame	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Malpica de Bergantiños	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Melide	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Mesía	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Miño	35h/semanais	11.200,00	11.200,00	11.200,00
Monfero	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Muros	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Muxía	1,5 h/día	2.400,00	2.400,00	2.400,00
Oleiros	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Oroso	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Ortigueira	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Outes	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Paderne	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Pontes de García Rodríguez, As	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Ponteceso	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Pontedeume	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Ribeira	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Rois	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Sada	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
San Sadurniño	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Santa Comba	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Santiso	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Somozas, As	Media	6.000,00	6.000,00	6.000,00
Teo	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Toques	Media	6000,00	6000,00	6000,00

Tordoia	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Touro	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Val do Dubra	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Valdoviño	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Vedra	15 h semanais	4.800,00	4.800,00	4.800,00
Vilasantar	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Vimianzo	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
Zas	Completa	12.000,00	12.000,00	12.000,00
<b>TOTAL:</b>		<b>624.800,00</b>	<b>624.800,00</b>	<b>624.800,00</b>

2. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 07.01 350A 462.00, do presuposto 2009, 2010 e 2011, na que a Intervención Provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se contabilizou a retención de crédito correspondente.

3. A achega da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o concello beneficiario obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da axuda provincial, non supere en ningún caso o importe total do custo efectivamente xustificado.

4. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do custo efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para cumprir estritamente o apartado anterior.

#### **IV. COMPROMISO DO CONCELLO**

O Concello, mancomunidade ou agrupación de..... comprométese a prestar o Servizo de Normalización Lingüística no período de xaneiro a decembro de 2009, e a completar no necesario coa súa achega económica o custo do programa obxecto deste convenio e cuxa realización se ha xustificar perante a deputación nos termos e prazos que se detallan.

#### **V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer o servizo de normalización lingüística do concello, ben sexa a través de medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e coa conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do concello.

## **VI. REQUISITOS PARA O PAGAMENTO**

O importe da axuda aboaráselles aos concellos, con carácter de anticipo prepagable, no momento en que proporcionen os contratos de traballo correspondentes e a resolución da Alcaldía pola que foron aprobados. No caso de ser persoal funcionario, entregarase a resolución de nomeamento e a acta de toma de posesión. As funcións deberán ser da categoría laboral correspondente a un/ha licenciado/a como técnico/a de normalización lingüística.

Para o pagamento o concello deberá estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de existiren débitos poderá aplicarse o sistema de compensación para o pagamento da axuda.

## **VII. XUSTIFICACIÓNS**

Ademais dos xustificantes indicados na cláusula sexta no caso de que non foran xa entregados, no mes de xaneiro o concello, agrupación ou mancomunidade, achegará unha certificación expedida por quen lle corresponda na que constará a documentación seguinte:

1. Memoria anual do servizo de normalización lingüística na que fará constar ademais, se é o caso, a publicidade que se deu respecto da axuda da Deputación.
2. a) Que o Servizo de Normalización Lingüística foi prestado ao longo de todo o período do convenio, e que o persoal para o que se percibe a achega da deputación, permaneceu adscrito ao servizo durante o tempo de duración do convenio.

(No caso de que por circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, non fose posible acreditar a cobertura do posto de traballo para o que se percibe a achega, durante todo o tempo de duración do convenio, o concello, agrupación ou mancomunidade devolverá a parte proporcional da achega da deputación, segundo o cálculo de dividir o importe da axuda polo número de días que non se prestou o servizo).

b) O importe das retribucións brutas aboadas ao persoal contratado para dito servizo e cota empresarial aboada á Seguridade Social por dito traballador/a.

c) Importe doutras subvencións ou axudas recibidas para a mesma finalidade e período, se é o caso.

Sobre a xustificación emitirá informe o Servizo de Fomento e de Patrimonio e Contratación da deputación.

O importe da axuda concedida pola deputación, illadamente ou se é o caso, na concorrencia con outras axudas públicas ou privadas, non poderá superar en ningún caso o custo das retribucións e Seguridade Social do persoal adscrito a dito servizo. Os eventuais excesos serán devoltos polo concello ou compensados directamente pola deputación.

## **VIII. PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN**

O persoal desempeñará os servizos de normalización lingüística deste convenio durante o seu tempo de vixencia que é entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2011.

## **IX. INCUMPRIMENTO**

No caso de incumprimento dos obxectivos ou doutras condicións do convenio, o concello, agrupación ou mancomunidade deberá reintegrar o percibido máis os xuros de mora devengados. Para a efectividade do reintegro, a Deputación queda facultada para compensar cos ingresos pola recadación dos impostos xestionados pola entidade provincial.

## **X. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da axuda, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante unha declaración responsábel expedida, autorizada polo órgano competente, mediante a

presentación dos certificados correspondentes ou ben autorizando a deputación a que obteña telematicamente os certificados correspondentes.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinado por esta de oficio.

## **XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá levar consigo a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pago dos xuros de mora que se xeren desde o día no que se pagou ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), e daráselle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que se lle aplicará o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na base 54.<sup>a</sup> das de execución do orzamento da deputación.

3. De conformidade co disposto na base 54.6 das de execución do orzamento da deputación, o atraso en realizar as actividades xerará unha sanción dun 10 por 100 do importe da achega co límite de 75,00 €, se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso en realizar as actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da achega outorgada, co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da achega outorgada, co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da achega outorgada, co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da axuda, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da axuda concedida e a identificación do concello seranlle remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa finalidade exclusiva disposta no dito precepto.
2. Así mesmo, para cumprir o disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da achega ao concello será publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña e poderase publicar na páxina web dicoruna.es.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da deputación.

### **XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos dende o 1 de xaneiro de 2009 e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro de 2011.
2. Logo da solicitude do concello, agrupación ou mancomunidade, que se realizará de setembro a novembro de 2009 e 2010, as condicións do convenio poderán ser modificadas por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da deputación.

### **XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita

xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

As partes comparecentes, ao estaren conformes co contido, asinan o presente convenio en exemplar cuadruplicado, no lugar e na data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O/A ALCALDE/SA- PRESI DENTE/A  
DO/A CONCELLO, AGRUPACIÓN,  
MANCOMUNIDADE DE

Asdo.- Salvador Fernández Moreda

Asdo.-



ANEXO



SERVIZO DE FOMENTO  
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
Teléfono: 981 080 358. Ext. 4341, 4342, 4343.  
Enderezo electrónico: [normalizacion.linguistica@dicoruna.es](mailto:normalizacion.linguistica@dicoruna.es)

Nº EXPTE

ANO 200.....

**SOLICITUDE DE AXUDAS PARA A CREACIÓN E  
MANTEMENTO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA**

**SOLICITANTE**

**Datos do concello**

Denominación:..... CIF:.....  
Enderezo:..... C.P.:.....  
Localidade:..... Telf.:..... Fax:.....  
.Correo e.:.....

**Enderezo para efectos de notificación**

Enderezo:..... C.P.:.....  
Localidade:..... Telf.:..... Fax:.....

PARA CUBRIR POLO SOLICITANTE		
MATERIA	TIPO DE AXUDAS	APLICACIÓN ORZAMENTARIA 07.01/350A/462.01
SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA	PARA NOVA CREACIÓN <input type="checkbox"/>	
	PARA MANTEMENTO DOS SERVIZOS EXISTENTES <input type="checkbox"/>	

5) SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO CONCELLO DE ...

AGRUPACIÓN OU MANCOMUNIDADE DE ...

PREVISIÓNS DO SERVICIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA O CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL NA ANUALIDADE 2009.

Nº	POSTO <sup>1</sup>	TIPO DE RELACIÓN LABORAL <sup>2</sup>	TITULACIÓN <sup>3</sup>	GRUPO <sup>4</sup>	RETRIBUCIÓNS /ANO	XORNADA <sup>5</sup> POR CONCELLO	FINANCIAMENTO			
							CONCELLO	XUNTA	REGAMP	DEPUTACIÓN
1	OUTROS POSTOS DO SERVICIO									
2										
3										

<sup>1</sup> POSTO: ... TÉCNICO/A DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA  
<sup>2</sup> TIPO DE RELACIÓN: FUNCIONARIO, LABORAL, ... ETC.  
<sup>3</sup> TITULACIÓN: ...  
<sup>4</sup> GRUPO DE CLASIFICACIÓN PROFESIONAL: ...  
<sup>5</sup> XORNADA: COMPLETA, ½ XORNADA, TEMPOS DE SERVICIO, ...

**25.-PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ENTIDADE DE INICIATIVA SOCIAL ASPABER PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE DÚAS FURGONETAS.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a sinatura dun convenio coa entidade ASPABER (Asociación de Pais de Discapacitados Psíquicos de Bergantiños), con CIF G-15031669 e con sede en Carballo, para cofinanciar cunha achega máxima de 44.714, 19 euros, que supón un coeficiente de financiamento do 80% do custo total, a adquisición de dúas furgonetas para transporte das persoas atendidas pola citada entidade.

Facultar á Presidencia para a sinatura do convenio e para a execución do presente acordo.”

**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACION DE PAIS DISCAPACITADOS PSIQUICOS DE BERGANTIÑOS (ASPABER) CON SEDE EN CARBALLO PARA COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DE DUAS FURGONETAS**

A Coruña a                      do dous mil oito

**REUNIDOS:**

D. SALVADOR FERNANDEZ MOREDA Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D FRANCISCO COSTA VARELA, presidente da ASOCIACION DE PAIS DISCAPACITADOS PSIQUICOS DE BERGANTIÑOS (ASPABER)

**EXPOÑEN:**

Que a Deputación Provincial da Coruña, ten dentro das súas competencias, conforme ao art. 22, apartado 6, da Lei de servizos sociais 4/93 para Galicia, a de colaborar coas entidades de iniciativa social ( sen ánimo de lucro) para o financiamento de programas e servizos sociais de atención especializada, que teñan carácter supramunicipal.

Que a ASOCIACION DE PAIS DISCAPACITADOS PSIQUICOS DE BERGANTIÑOS (ASPABER), de conformidade cos seus estatutos, presta servizos AOS NENOS CON DISCAPACIDADE PSIQUICA DE BERGANTIÑOS e ten como fins entre outros o de promover e realizar toda clase de accións que permitan acadar unha mellor calidade de vida ás persoas con retraso mental e a súas familias entre outros fins polo que solicita a

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACION INTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS TERRA DE SONEIRA E FISTERRA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da

actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACION INTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS TERRA DE SONEIRA E FISTERRA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como o pagamento dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACION INTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS TERRA DE SONEIRA E FISTERRA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACION INTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS TERRA DE SONEIRA E FISTERRA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2008
2. Previa solicitude da ASOCIACION INTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS TERRA DE SONEIRA E FISTERRA, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

- 1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e o da ASOCIACION INTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS TERRA DE SONEIRA E FISTERRA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.



Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o día \_\_\_\_\_ de dous mil oito.

E en proba de conformidade asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE DA ASOCIACION INTEGRO PARA A DIVERSIDADE FUNCIONAL DAS COMARCAS DE BERGANTIÑOS TERRA DE SONEIRA E FISTERRA
Asdo. Salvador Fernández Moreda	Asdo. Adolfo López Baña

**28.-PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A ENTIDADE DE INICIATIVA SOCIAL ASFEDRO PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a sinatura dun convenio coa entidade ASFEDRO (Asociación Ferrolá de Drogodependencias), con CIF G-15052434 e con sede en Ferrol, para cofinanciar cunha achega máxima de 16.666, 44 euros, que supón un coeficiente de financiamento do 80% do custo total, a adquisición dun vehículo para servizo das persoas atendidas pola citada entidade.

Facultar á Presidencia para a sinatura do convenio e para a execución do presente acordo.”

**CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO PARA O COFINACIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN VEHICULO**

A Coruña, \_\_\_\_\_ de dous mil oito

**REUNIDOS:**

D. SALVADOR FERNANDEZ MOREDA, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

D. JOAQUIN LEAL VEIGA, presidente da ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO

### **EXPOÑEN:**

Que a Deputación Provincial da Coruña, ten dentro das súas competencias, conforme ao art. 22, apartado 6, da Lei de servizos sociais 4/93 para Galicia, a de colaborar coas entidades de iniciativa social (sen ánimo de lucro) para o financiamento de programas e servizos sociais de atención especializada, que teñan carácter supramunicipal.

Que a ASOCIACION FERROLÁ DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO de conformidade cos seus estatutos, presta servizos a persoas con problemas de drogodependencia da Comarca de Ferrol

En consecuencia, ambas as dúas partes, acordan as seguintes:

### **CLÁUSULAS**

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO, CON CIF Nº F15072010 para o financiamento da adquisición dun vehículo para a realización de saídas culturais e lúdicas así como revisións médicas.

#### **II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN**

Segundo o informe de valoración que achegou a ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 20.833,05 EUROS.

#### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 16.666,44€, o que representa unha porcentaxe de 80%.
2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición dun vehículo, xa que logo, non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0701/313M/789.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe da adquisición supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, A ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. A ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO fará constar na publicidade das actividades desvoltas co vehículo, a colaboración na adquisición da Deputación Provincial da Coruña.
2. Adquirido o ben, a ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO deberá colocar o logotipo da deputación no cartel de acceso a o Centro de Doniños en Ferrol. O texto estará redactado en galego.

## **VI.- PAGO E XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da deputación, por importe de 16.666,44 euros seralle aboada á ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO unha vez que se presenten na deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que a entidade beneficiaria, fai a recepción do vehículo, expedida polo órgano competente.
- Factura da adquisición. Só se terá en conta o IVE no caso de que non sexa deducible. A entidade indicará se está ou non exenta do pagamento.

No caso de presentar fotocopia, antes de realizar esta deberá previamente estenderse unha dilixencia no orixinal, na que conste a presentación da factura para a xustificación da subvención concedida pola deputación conforme ao convenio.

- Permiso de circulación do vehículo adquirido.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO, onde conste a obriga de comunicar á deputación o cese no servizo do vehículo se se produce antes do período de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

## **VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, a ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais

responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 54.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO na documentación subministrada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN E COMPROMISOS DA ADSCRICION DO VEHICULO**

1. A ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.
4. A ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO comprométese a adscribir o vehículo ás fins da asociación, polo menos durante dez anos, salvo que por causas técnicas debidamente acreditadas ou por outros motivos cese na prestación dos servizos propios da asociación, o que deberá poñer en coñecemento da deputación.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá

o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACION FERROLÁ DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACION FERROLÁ DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 30/11/2008
2. Previa solicitude da ASOCIACION FERROLÁ DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO, realizada polo menos dous meses antes da data indicada anteriormente, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes tomado antes de que expire a súa vixencia inicial e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.
3. Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

## **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003,

do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha Comisión de Seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da deputación e o da ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución de Presidencia nº con data do dous mil oito.

E en proba de conformidade asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE DA ASOCIACION FERROLA DE DOGRODEPENDENCIAS ASFEDRO
Asdo. Salvador Fernández Moreda	Asdo. Joaquín Leal Veiga

## **29.-PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DA CORUÑA, CULLEREDO E FERROL PARA O MANTEMENTO DA CASA DE ACOLLIDA PARA MULLERES E DE RESERVA DE PRAZAS PARA USUARIAS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA.**

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o programa de convenios cos concellos da Coruña, Culleredo e Ferrol para axuda ao mantemento das Casas de Acollida e de reserva de prazas para mulleres en situación de emerxencia ou en dificultades sociofamiliares, prazas que poden ocupar mulleres do resto dos concellos da provincia da Coruña.

Os correspondentes acordos, formalizados mediante convenios, terán vixencia a partir do un de xaneiro de 2008 e serán prorrogables anualmente por acordo expreso das administracións asinantes.

2.- Dar por extinguido o convenio co Concello de Santiago e, polo tanto, a reserva de 7 prazas na Casa de Acollida, por cesión do edificio á Xunta de Galicia para un Centro de Recuperación Integral de Mulleres.

3.- Facultar á Presidencia para a sinatura dos pertinentes convenios e para a execución do presente acordo.”



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O MANTEMENTO DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE ACOLLIDA PARA MULLERES, E DE RESERVA DE PRAZAS PARA USUARIAS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA**

A Coruña, de dous mil oito

### **Reunidos**

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación provincial.

E doutra, D. Javier Losada de Azpiazu, alcalde do Concello da Coruña.

Ambas as partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que teñen conferidas, en nome das entidades que representan

### **EXPOÑEN:**

Primeiro: O municipio da Coruña de acordo coas súas competencias conta cunha rede de recursos asistenciais, formativos, educativos e de equipamentos e infraestruturas que facilitan a dinámica e a vida diaria dos veciños/as que residen no seu termo municipal.

Segundo: O Concello da Coruña conta cunha rede de servizos de acollemento para mulleres, entre eles un centro autorizado e en funcionamento, para a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, incluído na rede autonómica de centros de atención ás mulleres.

Terceiro: A organización deste servizo (Casa de Acollida) responde ao principio de atención permanente, especialización de prestacións e multidisciplinaridade profesional, sendo de interese para a Deputación Provincial da Coruña, axudar ao mantemento del, o que se vén artellando mediante sucesivos convenios de colaboración desde o ano 1992.

Cuarto: Nesta liña de colaboración, o Concello da Coruña amplía a súa oferta, e pon a disposición da Deputación Provincial da Coruña un servizo de reserva de prazas para o seu programa provincial para mulleres dos concellos da provincia, non só en situación de emerxencia por razón de violencia de xénero, senón tamén por razón de dificultades socio- familiares e de integración socio- laboral.

Ambas as dúas entidades, son competentes para levar a cabo este convenio, de acordo co previsto no art. 22 apartados 1 e 3, da vixente Lei de servizos sociais de Galicia 4/93 do 14 de abril, e nos arts. 109 e 198 da Lei 5/97 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por todo o exposto, consideran oportuno manter a súa colaboración asinando o presente convenio en base ás seguintes

## CLAÚSULAS

### **PRIMEIRA: OBXECTO**

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Coruña para regular, por unha banda a axuda ao concello para os gastos de funcionamento dos servizos de acollida de mulleres (gastos de persoal e gastos correntes) e por outro, o mantemento dun programa provincial de prazas reservadas nos centros de acollida, para atención de mulleres dos concellos da provincia e dos seus fillos e fillas que causen alta conforme a este convenio.

### **SEGUNDA: COMPROMISOS DO CONCELLO. MANTEMENTO DOS SERVIZOS, PRAZAS RESERVADAS, REGULAMENTACION INTERNA E PUBLICIDADE DA COLABORACIÓN ENTRE ENTIDADES**

O Concello da Coruña comprométese durante a vixencia do convenio :

a) A manter en funcionamento o Centro de Acollida, para o que recibe a subvención, prestando no seu concello servizos de atención, apoio, acollida e recuperación das mulleres en situación de emerxencia, que establece a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

b) A poñer á disposición da Deputación Provincial da Coruña durante todo o ano, SETE prazas para mulleres dos concellos da provincia, en situación de emerxencia, ou en dificultades socio-familiares e en vías de integración socio-laboral, que serán atendidas no centro, sempre e cando cumpran cos requisitos recollidos no regulamento interno.

c) As reservas terán a seguinte distribución:

Sete prazas ( 7) para mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas cargas familiares, tendo a posibilidade de empregar dúas delas ( 2) para mulleres con dificultade socio-familiar e en vías de integración socio-laboral.

d) Igualmente, o concello comprométese a dar conta e solicitar informe da Deputación Provincial da Coruña, antes da aprobación de calquera modificación do Regulamento de réxime interno dos Servizos de Acollida, que afecte ás usuarias do programa provincial previsto no presente convenio.

e) Dada a índole do servizo que se presta, o concello comprométese a dar información axeitada aos concellos que a soliciten, sobre o servizo de acollida que lle presta á deputación, mediante o programa provincial de prazas reservadas neste convenio.

f) Igualmente, comprométese o concello a dar publicidade da colaboración da deputación, obxecto deste convenio, tanto nas memorias anuais que elabore, como na publicidade que sexa adecuada ás características do servizo.

### **TERCEIRA: ACHEGAS ECONÓMICAS E PARTIDA ORZAMENTARIA**

Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Deputación provincial aboará por cada exercicio económico anual, ao Concello da Coruña as cantidades seguintes:

- a) Unha subvención polo concepto de gastos de mantemento do servizo municipal de acollida de mulleres, sendo o importe anual correspondente ao ano 2008 o de 10.406,49 euros.
- b) O custo correspondente polo concepto de sete prazas reservadas (7) para todos os días do ano, nos servizos de acollida municipais, para mulleres procedentes doutros concellos, vítimas de violencia de xénero e/ou en dificultade socio-familiar e en vías de integración socio-laboral, sendo ese importe para o ano 2008, de 72.184,97 euros.

O pagamento destas cantidades, que no exercicio 2008, supoñen unha achega total de 82.591,46 euros.

A partida orzamentaria á que se poderá imputar o gasto é a seguinte: 0701/324A-226.99.

### **CUARTA: PAGAMENTO**

Os pagamentos da achega da deputación, faranse en dous prazos, do modo seguinte:

1º prazo: Aboarase na súa totalidade a achega da deputación, correspondente ao concepto de gastos de mantemento, no primeiro trimestre do ano, xunto co pagamento do 50%, do importe do custo das prazas reservadas, previa solicitude do concello, coa seguinte documentación:

- Presuposto anual previsto para o centro no exercicio subvencionado.
- Acreditación de estar ao corrente nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

2º prazo: O 50% restante, do custo das prazas reservadas, aboarase, previa presentación, antes do 31 de marzo do ano seguinte, da documentación xustificativa que se indica:

- Memoria anual da actividade, correspondente ao exercicio que se xustifica, onde consten o nivel de ocupación total do servizo de acollida, e a ocupación das prazas reservadas no programa provincial.
- Certificación do concello na que consten os pagamentos efectuados, e os ingresos obtidos por parte doutras administracións públicas, das usuarias ou de entes privados, para os mesmos conceptos subvencionados neste convenio ( gastos de persoal e gastos correntes)

- Acreditación de estar ao corrente nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ou autorizarlle á deputación para obter os datos correspondentes. A deputación determinará de oficio se están ao corrente nas obrigas fiscais con ela.

En todo caso a efectividade dos pagamentos recollidos neste convenio poderá materializarse pola vía de compensación conforme ao art. 109 da Lei de bases de réxime local..

#### **QUINTA: PROCEDEMENTO PARA OS INGRESOS, COMPROMISOS DAS PARTES, SEGUIMIENTO PRORROGA E BAIXA**

1º.- Procedemento para o ingreso:

A canle de acceso ao servizo de acollida que oferta a deputación son os Servizos Sociais municipais.

Levarase a cabo, mediante solicitude do alcalde, dirixida á Presidencia da deputación, pola que asume o concello os compromisos correspondentes, como son os informes e o seguimento que se citan no texto do convenio e que se refiren aos Servizos Sociais municipais do lugar de procedencia da usuaria.

A solicitude virá acompañada de informe social.

Os citados servizos municipais, consultarán previamente coa Dirección da Casa de Acollida, sobre a existencia de prazas libres, e darán conta disto na súa solicitude á deputación.

Unha vez recibida a petición sobre o ingreso da usuaria, resolverá a Presidencia, dando conta disto ao concello solicitante, para que proceda á ocupación necesaria.

En situacións de emerxencia, poderá procederse ao ingreso a petición razoada, verbal ou escrita dos Servizos Sociais municipais, dirixida á Dirección da Casa de Acollida, ou a propia interesada poderá ser recibida na casa, xa sexa directamente ou por remisión dos servizos administrativos, sanitarios ou xudiciais que encontren actuando, dando conta á Dirección, no seguinte día hábil á deputación dese ingreso, para que poida remitir o caso aos Servizos Sociais municipais do concello de procedencia e solicitar a documentación correspondente.

Será flexible a admisión de nais con fillos e fillas, no caso de ter vacantes, non contando como ocupación de prazas reservadas o ingreso de nenos e nenas que non ocupen cama de adultos, estimándose que concorre esa circunstancia en todo caso nos que non superen a idade de dous anos.

2º.- Compromiso das partes:

Os compromisos para o funcionamento do servizo, serán os seguintes:

### 2.1. Da usuaria:

A usuaria debe comprometerse a aceptar as condicións que sinala o Regulamento de réxime interno da Casa para a súa estadía, así como o caso de que exista unha Ordenanza reguladora de aplicación, deberá cooperar economicamente conforme as ditas previsións. No caso de ingresos das usuarias, minorarase o importe dos pagos efectuados como achega para o pago das prazas comprometidas pola deputación, o que se fará constar na documentación xustificativa, ao indicar o total dos ingresos obtidos.

### 2.2 .Dos servizos sociais do concello solicitante:

O concello de procedencia da usuaria, realizará a xestión da praza nas Casas de Acollida con servizo de reserva.

Cursará a petición de ingreso á deputación, e emitirá os informes que se precisen. Así mesmo comprométese a realizar o seguimento e coordinación co servizo de Casa de Acollida, e coa usuaria, ata que esta cause baixa nela, colaborando desde o seu ámbito ao desenvolvemento do proxecto de traballo que elaboren coa Casa de Acollida e a propia usuaria.

Os Servizos Sociais municipais, poderán ser convocados pola deputación, para a avaliación de resultados do servizo de prazas en Casas de Acollida, ofertado pola deputación.

### 2.3. Do Servizo de Casa de Acollida:

A Dirección da Casa de Acollida comprométese a comunicarlle a esta deputación, as altas e baixas que se produzan nas prazas reservadas. Cando se trate dun ingreso urxente, que non se solicítase por escrito, deberá realizarse a dita comunicación no día seguinte hábil. Así mesmo comprométese á coordinación cos Servizos Sociais municipais de procedencia, durante a estadía, elaborando coa usuaria e o concello citado, o proxecto de traballo, as propostas de prórroga de estadía, ou a de baixa da usuaria, que remitirá á deputación, indicando en ambos casos, a causa que a motiva.

Igualmente, cando proceda segundo o convenio, haberá de remitir a memoria e informes sobre o funcionamento do servizo.

### 3º.- Requisitos para as estadías, a prórroga e a baixa :

Establécese un período de oito días, en admisión provisional, desde o ingreso no centro, para que por parte do equipo técnico da Casa de Acollida, poida realizarse unha valoración da idoneidade do recurso, tendo en conta os medios con que conte para realizar información, asesoramento e a elaboración dos informes necesarios.

Durante ese período, a usuaria e o Servizo da Casa de Acollida valorarán a conveniencia da súa baixa, se procede, ou da permanencia no réxime de acollida , que trasladarán á deputación, acordando as condicións da estadía, mediante a elaboración

dunha proposta de plan de traballo, definindo neste os obxectivos iniciais que perseguen, para remitirlos aos Servizos Sociais municipais.

A permanencia no Centro dispórase inicialmente mediante resolución da Presidencia da deputación, por un período de ata tres meses.

Transcorridos estes, poderase solicitar unha prórroga razoada, ata o límite de tres meses máis.

A prórroga deberá ser solicitada pola usuaria do servizo, remitíndose pola Casa de Acollida esa petición cun informe, ao Concello de procedencia, o cal deberá informar así mesmo sobre dita solicitude, remitindo a documentación á Deputación, para a concesión da prórroga que resolverá igualmente a Presidencia da Deputación.

A baixa efectiva no servizo, sexa pola causa que fose, debe ser comunicada a esta Deputación pola Casa de Acollida, sinalando a causa pola que se produciu. Poderá producirse a causa da petición da usuaria ou a proposta da Casa de acollida ou do Concello de procedencia da usuaria. Igualmente, poderá propoñerse a remisión da usuaria á Vivenda tutelada de Culleredo cando proceda, e mentres estea vixente o convenio co Concello titular da Vivenda indicada..

#### **SEXTA: VIXENCIA**

Este convenio terá unha vixencia anual. No presente exercicio terá eficacia retroactiva dende o un de xaneiro e estará vixente ate o trinta e un de decembro de 2008.

Os compromisos económicos previstos nel, terán efectos retroactivos, de non estar efectuados os pagos conforme ao convenio anteriormente vixente, o cal queda sen efecto desde a firma deste novo convenio.

Este convenio poderá ser prorrogado anualmente, ata un máximo de catro anos incluído o período inicial, por acordo expreso entre as partes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio.

As achegas económicas pactadas, no caso de prórroga, só se incrementarán co IPC anual, a partir do un de xaneiro de 2009.

A denuncia do convenio, haberá que facela con anterioridade ó último trimestre do ano en que se considere concluído.

#### **SÉTIMA : CONTROL E INCLUSIÓN NOS REXISTROS PÚBLICOS**

O concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control sobre as axudas pagadas, co fin de acreditar a aplicación dos fondos, o financiamento da actividade e o cumprimento das obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985 do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982 do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

No cumprimento do disposto no art. 20-1 da Lei xeral de subvencións, os datos da subvención para mantemento dos servizos de acollida de mulleres, serán remitidos á Intervención Xeral do Estado para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/99 do 13 de decembro.

#### **OITAVA: RESCISIÓN E REINTEGROS POR INCUMPRIMENTO**

O incumprimento non xustificando do pactado, poderá dar lugar á rescisión do convenio. O concello queda obrigado ao reintegro do percibido máis os xuros de mora. Así mesmo, procede o reintegro dos importes que corresponda no caso de percibir o concello outras axudas para a cobertura dos custos financiados pola deputación, na contía que exceda do total do importe xustificando.

Os reintegros poderán realizarse por compensación.

#### **NOVENA: CARÁCTER DO CONVENIO E NORMATIVA DE APLICACIÓN SUPLETORIA**

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que poidan xurdir serán competencia da xurisdición contencioso – administrativa.

Para a resolución das dúbidas estarase ao disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e verbo do non previsto neste convenio e nas bases de execución do orzamento da deputación para este exercicio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

#### **DÉCIMA: MODIFICACIÓNS**

Calquera modificación, pactada entre ambas as institucións, poderá incluírse como anexo do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o día de dous mil oito.

E en proba de conformidade asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA CORUÑA
Asdo. Salvador Fernández Moreda	Asdo. Javier Losada de Azpiazu

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CULLEREDO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O MANTEMENTO DA VIVENDA TUTELADA PARA MULLERES DO CONCELLO DE CULLEREDO, E PARA A RESERVA DE PRAZAS PARA USUARIAS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA**

A Coruña, de dous mil oito

**Reunidos**

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excm. Deputación provincial.

E doutra, D. Julio Sacristán de Diego, alcalde- presidente do Concello de Culleredo.

Ambas as partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que teñen conferidas, en nome das entidades que representan

**EXPOÑEN**

Primeiro: O municipio de Culleredo é un concello limítrofe coa cidade da Coruña, que conta cunha rede de recursos asistenciais, formativos, educativos e de equipamentos e infraestruturas que facilitan a dinámica e a vida diaria dos veciños/as que residen no seu termo municipal.

Segundo: O Concello de Culleredo é titular dunha vivenda tutelada, centro autorizado e en funcionamento, para a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, incluída na rede autonómica de centros de atención ás mulleres.

Terceiro: A organización deste servizo (Vivenda tutelada) responde ao principio de atención permanente, especialización de prestacións e multidisciplinaridade profesional., sendo de interese para a Deputación Provincial da Coruña, axudar ao mantemento del, o que se vén artellando mediante sucesivos convenios de colaboración, desde o ano 1992.

Cuarto: Nesta liña de colaboración, o Concello de Culleredo, pon a disposición da Deputación Provincial da Coruña un servizo de reserva de prazas, para o seu uso a favor de mulleres dos concellos da provincia, beneficiarias do seu programa provincial destinado a mulleres vítimas de violencia de xénero, ou en dificultades socio- familiares e en integración socio laboral.

Ambas as dúas entidades son competentes para levar a cabo este convenio, de acordo co disposto no art. 22, apartados 1 e 3, da Lei 4/93 do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, e nos arts. 109 e 198 da Lei 5/97 do 22 de xullo de administración local de Galicia.



Por todo o exposto ambas as partes consideran oportuno manter a súa colaboración, asinando o presente convenio en base ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA: OBXECTO**

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, para axuda ao financiamento dos gastos de funcionamento da vivenda tutelada municipal, (gastos de persoal e gastos correntes) e para o pago dos custos do programa provincial, de prazas reservadas para a atención das mulleres procedentes dos concellos da provincia, e dos seus fillos e fillas que causen alta na vivenda.

### **SEGUNDA: COMPROMISOS DO CONCELLO. MANTEMENTO DO SERVIZO, PRAZAS RESERVADAS, REGULAMENTO INTERNO E PUBLICIDADE DA COLABORACIÓN ENTRE ENTIDADES**

O Concello de Culleredo comprométese durante a vixencia do convenio:

a) A manter o centro en funcionamento e prestar o servizo integral de atención, apoio, acollida e recuperación das mulleres conforme á Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

b) A poñer a disposición da Deputación Provincial da Coruña durante todo o ano, tres prazas ( 3) para mulleres e os seus fillos, non só as que sexan vítimas de violencia de xénero, senón tamén en situación de dificultade socio-familiar e en vías de integración socio-laboral.

c) As reservas das tres prazas, ( 3) terán a seguinte distribución:  
Dúas prazas para mulleres adultas (unha delas pode ser utilizada por mulleres en situación de dificultade socio-familiar e en vías de integración socio-laboral) e unha para nenos e nenas maiores de dous anos, que as acompañen.  
Para o caso de que as mulleres acudan con maior número de fillos e fillas, que o número de prazas reservadas, o Concello de Culleredo flexibilizará a estadia deles na vivenda sempre que teña prazas vacantes.

d) Igualmente o concello comprométese a solicitar informe da Deputación Provincial da Coruña, antes da aprobación de calquera modificación do Regulamento de réxime interno da Vivenda tutelada, que lles afecte ás usuarias do programa provincial disposto no presente convenio.

- e) Dada a natureza do servizo que presta, o concello comprométese a dar información axeitada aos concellos que o soliciten, sobre o servizo de acollida que lle presta á deputación, mediante o programa provincial de prazas reservadas deste convenio.
- f) Igualmente comprométese o concello a dar publicidade da colaboración coa deputación obxecto deste convenio,es, tanto nas memorias anuais que elabore como na publicidade que sexa adecuada ás características do servizo.

### **TERCEIRA: ACHEGAS ECONÓMICAS E PARTIDA ORZAMENTARIA**

Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Deputación provincial aboaralle ao Concello de Culleredo, as cantidades seguintes:

a) Polo concepto de subvención para o mantemento da Vivenda Tutelada municipal, a deputación aboará o importe de 4.668,10 euros anuais.

b) Polo concepto de tres (3) prazas reservadas todos os días do ano, o importe de 26.783, 42 euros,. para os gastos correspondentes ao custo anual das 3 prazas reservadas na vivenda tutelada para mulleres e os seus fillos, vítimas de violencia de xénero e/ou en dificultade socio-familiar e en vías de integración socio-laboral.

O total da consignación correspondente a este convenio para 2008., será de 31.451,52 euros .

No caso de prórroga incrementarase co IPC anual.

A partida á que se lle imputará o gasto, é a 0701/ 324-A/ 226.99, do vixente orzamento.

### **CUARTA: PAGAMENTOS**

Os pagamentos da achega da deputación, farase en dous prazos do modo seguinte:

1.- Un primeiro prazo, no que se pagará a achega total para os gastos de mantemento do servizo, e o 50% do importe do custo das prazas reservadas, e que se realizará no primeiro trimestre do ano, previa solicitude do concello, que presentará a seguinte documentación:

- Presuposto previsto para o funcionamento da Vivenda no exercicio subvencionado.
- Acreditación de estar ao corrente nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

2.- O pagamento do segundo prazo, pola contía restante ( 50%) da achega para o pagamento das tres ( 3) prazas reservadas, antes do 31 de marzo do exercicio seguinte, unha vez presentada a documentación xustificativa que se indica:

- Memoria anual da actividade desenvolvida, onde conste o nivel de ocupación total do servizo de acollida, e a ocupación das prazas reservadas ao programa provincial.

- Certificación do concello na que consten os pagamentos efectuados e os ingresos obtidos doutras administracións públicas, das usuarias, ou de entes privados, e para os mesmos conceptos subvencionados ( gastos de persoal e gastos correntes).
- Acreditación de estar ao corrente nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ou autorizar á deputación para solicitar a certificación correspondente. A deputación determinará de oficio se están ao corrente nas obrigas fiscais con ela.
- En todo caso, a efectividade dos pagamentos recollidos neste convenio, poderá materializarse pola vía de compensación conforme ao art. 109 da Lei 7/85 de bases de réxime local.

#### **QUINTA: REGULAMENTACIÓN DO INGRESO, COMPROMISOS DAS PARTES, SEGUIMIENTO, ALTAS E BAIXAS**

1º- A vivenda tutelada rexerá polo regulamento de réxime interno aprobado polo Concello de Culleredo, que deberá ter en conta, no caso de modificacións, o disposto na cláusula segunda apartado d)

2º- Trámites para o ingreso na vivenda tutelada:

a) No caso de mulleres que procedan de Servizos Sociais de calquera municipio da provincia, o trámite para o seu ingreso, será o seguinte:

Presentará a solicitude o concello que precise o recurso, ante a deputación para a ocupación de praza na vivenda tutelada, co compromiso de que se acompañará a seguinte documentación:

- Un informe social do concello solicitante, que xustifique a petición do ingreso na vivenda por tratarse dun recurso que pode ofrecer á muller unha resposta para o desenvolvemento dun proxecto persoal orientado á normalización.
- Un plano individualizado de actuación no que consten as medidas oportunas para a integración.

b) no caso de mulleres que proceden doutras casas de acollida, será igualmente imprescindible a solicitude do concello ante a deputación, acompañada dun informe social, nos termos antes mencionados e do plano individualizado de actuación no que non será requisito excluínte o carecer de emprego, pero si debe ter un proxecto formativo xa formalizado.

3º.- Aprobación do ingreso

Unha vez que se obteñan os informes e planos de actuación xa mencionados, a deputación poráos a disposición do Concello de Culleredo, para que valore o cumprimento das condicións antes expostas, e acceda á ocupación das prazas reservadas, comprometéndose o concello, a aceptar á usuaria proposta, coas especificacións que corresponda respecto da

atención aos menores, nun prazo de 10 días se cumpre con todos os requisitos. No caso contrario, no mesmo prazo, o concello denegará a petición.

#### 4º.- Compromisos do concello

O Concello de Culleredo, no caso de aprobar a petición, prestará a estas mulleres aloxamento, contribución para a súa manutención, apoio e coidado, escolarización e ocio dos menores, promoción formativa e alternativas de ocio e tempo libre, así como axuda persoal, psicolóxica e social para as mulleres acollidas.

Tanto a Casa de Acollida que presente as peticións, como os Servizos Sociais municipais de orixe, comprometeranse a colaborar coas profesionais do Departamento de Igualdade do Concello de Culleredo, para a mobilización dos recursos necesarios así como para a posta en marcha e seguimento do dito plano. Este rexerá para a atención dos menores que acompañen as mulleres acollidas.

#### 5º.-Compromiso da usuaria

A Dirección esixiralle á persoa que ingrese na Casa de Acollida que asine o compromiso de aceptación do regulamento interno, así como a situación de ingreso provisional durante 10 días, mentres se estuda a viabilidade do plano, así como as condicións de convivencia na Casa de Acollida de Culleredo.

#### 6º- Prazo de permanencia

A permanencia no centro disporase, segundo o plano individual de actuación previsto, por un período variable para cada caso, que non poderá exceder dun máximo de doce meses, prorrogables cando as administracións asinantes deste convenio o consideren oportuno.

#### 7º- Baixa na vivenda

Ao longo da estada e, en calquera momento, a Casa de Acollida de Culleredo, poderá propoñer a baixa da persoa acollida por estimar o caso solucionado, por incumprimento do regulamento ou por apreciar que require a intervención de organismos ou institucións especializadas. A baixa poderá vir proposta, así mesmo, pola Excma. Deputación da Coruña.

#### 8º Outras situacións de acollida

Poderanse considerar excepcionalmente outras situacións entre a Deputación e o Concello de Culleredo, de cara á utilización das prazas reservadas polo primeiro organismo, se esta entidade estima de seu interese o emprego destas prazas en programas específicos sempre que non desvirtúen a finalidade do servizo.

### **SEXTA: VIXENCIA DO CONVENIO**

- Este convenio terá unha vixencia anual. No presente exercicio terá eficacia retroactiva dende o un de xaneiro e estará vixente até o trinta e un de decembro de 2008.

- Durante o ano 2008, os pagamentos terán efectos retroactivos, de non estar aboadas as contías anuais correspondentes ao convenio anterior, o cal se deixa sen efecto desde a súa sinatura.

Este convenio poderá ser prorrogado anualmente, ata un máximo de catro anos incluído o período inicial, por acordo expreso entre as partes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio.

As achegas económicas en caso de prórroga, actualizaranse conforme ao IPC anual, a partir do un de xaneiro de 2009.

A denuncia do convenio, haberá que facela con anterioridade ao último trimestre do ano en que se considere concluído.

#### **SÉTIMA.- CONTROL E INCLUSIÓN NOS REXISTROS PÚBLICOS**

O concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control sobre as axudas pagadas, co fin de acreditar a aplicación dos fondos, o financiamento da actividade e o cumprimento das obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985 do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982 do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

No cumprimento do disposto no art. 20-1 da Lei xeral de subvencións, os datos da subvención para mantemento dos servizos de acollida de mulleres, serán remitidos á Intervención Xeral do Estado para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/99 do 13 de decembro.

#### **OITAVA.- RESCISIÓN E REINTEGROS**

O incumprimento non xustificando do pactado, poderá dar lugar á rescisión do convenio.

O concello queda obrigado ao reintegro do percibido máis os xuros de mora. Así mesmo, procede o reintegro dos importes que corresponda no caso de percibir o concello outras axudas para a cobertura dos custos financiados pola deputación, na contía que exceda do total do importe xustificando.

Os reintegros poderán realizarse por compensación.

## **NOVENA.- CARÁCTER DO CONVENIO E NORMATIVA DE APLICACIÓN SUPLETORIA**

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que poidan xurdir serán competencia da xurisdición contencioso – administrativa.

Para a resolución das dúbidas estarase ao disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e verbo do non previsto neste convenio e nas bases de execución do orzamento da deputación para este exercicio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

## **DÉCIMA.- MODIFICACIÓNS**

Calquera modificación, pactada entre ambas as institucións, poderá incluírse como anexo do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o día de dous mil oito.

E en proba de conformidade asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CULLEREDO
Asdo. Salvador Fernández Moreda	Asdo. Julio Sacristán de Diego

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE FERROL E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE FERROL PARA O MANTEMENTO DOS SERVIZOS DA CASA DE ACOLLIDA PARA MULLERES, E DE RESERVA DE PRAZAS PARA USUARIAS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA**

A Coruña, de dous mil oito

Reunidos

Dunha parte, D. Salvador Fernández Moreda, presidente da Excma. Deputación provincial.

E doutra, D. Vicente Irisarri Castro, alcalde do Concello de Ferrol.

Ambas as partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que teñen conferidas, en nome das entidades que representan

### **EXPOÑEN:**

Primeiro: O municipio da Ferrol, de acordo coas súas competencias conta cunha Casa de Acollida para Mulleres, centro autorizado e en funcionamento, para a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, e incluído na rede autonómica de centros de atención ás mulleres.

Segundo: A organización deste servizo (Casa de Acollida) responde ao principio de atención permanente, especialización de prestacións e multidisciplinaridade profesional, sendo de interese para a Deputación Provincial da Coruña, axudar ao mantemento del, o que se vén artellando mediante sucesivos convenios de colaboración desde o ano 1992.

Terceiro: Nesta liña de colaboración, o Concello da Ferrol amplía a súa oferta, e pon a disposición da Deputación Provincial da Coruña un servizo de reserva de prazas para o programa provincial para mulleres dos concellos da provincia, non só en situación de emerxencia por razón de violencia de xénero, senón tamén por razón de dificultades socio- familiares e en integración socio- laboral.

Ambas as dúas entidades, son competentes para levar a cabo este convenio, de acordo co previsto no art. 22 apartados 1 e 3, da vixente Lei de servizos sociais de Galicia 4/93 do 14 de abril, e nos arts. 109 e 198 da Lei 5/97 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por todo o exposto, consideran oportuno manter a súa colaboración asinando o presente convenio en base ás seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA: OBXECTO**

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ferrol para regular, por unha banda a axuda ao concello para os gastos de funcionamento dos servizos da Casa de Acollida (gastos de persoal e gastos correntes) e por outro, o mantemento dun programa provincial de prazas reservadas para a atención de mulleres dos concellos da provincia e dos seus fillos e fillas que causen alta conforme a este convenio.

#### **SEGUNDA: COMPROMISOS DO CONCELLO. MANTEMENTO DOS SERVIZOS, PRAZAS RESERVADAS, REGULAMENTACION INTERNA E PUBLICIDADE DA COLABORACIÓN ENTRE ENTIDADES**

O Concello de Ferrol comprométese durante a vixencia do convenio:

a) A manter en funcionamento o centro de acollida, para o que recibe a subvención, prestando no seu concello servizos de atención, apoio, acollida e recuperación das mulleres en situación de emerxencia, que establece a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

b) A poñer á disposición da Deputación Provincial da Coruña durante todo o ano, TRES prazas para mulleres dos concellos da provincia, en situación de emerxencia vítimas de violencia de xénero, ou en dificultades socio-familiares e en vías de integración socio-laboral, que serán atendidas no centro, sempre e cando cumpran cos requisitos recollidos no regulamento interno.

c) As reservas terán a seguinte distribución:

Tres prazas (3) para mulleres vítimas de violencia de xénero e as súas cargas familiares, tendo a posibilidade de empregalas para mulleres con dificultade socio-familiar e en vías de integración socio-laboral.

d) Igualmente, o concello comprométese a dar conta e solicitar informe da Deputación Provincial da Coruña, antes de aprobar calquera modificación do Regulamento de réxime interno dos Servizos de Acollida, que afecte ás usuarias do programa provincial previsto no presente convenio.

e) Dada a índole do servizo que se presta, o concello comprométese a dar información axeitada aos concellos que a soliciten, sobre o servizo de acollida que lle presta á deputación, mediante o programa provincial de prazas reservadas neste convenio.

f) Igualmente, comprométese o concello a dar publicidade da colaboración da deputación, obxecto deste convenio, tanto nas memorias anuais que elabore, como na publicidade que sexa adecuada ás características do servizo.

### **TERCEIRA: ACHEGAS ECONÓMICAS E PARTIDA PRESUPOSTARIA**

Para a realización das actividades descritas no presente convenio a Deputación provincial aboará por cada exercicio económico anual, ao Concello de Ferrol, as cantidades seguintes:

- a) Unha subvención polo concepto de gastos de mantemento do servizo municipal de acollida de mulleres, sendo o importe anual correspondente ao ano 2008 o de 5.156,36 euros.
- b) O custo correspondente polo concepto de tres prazas reservadas para todo o ano (3) nos servizos de acollida municipais, para mulleres procedentes doutros concellos, vítimas de violencia de xénero e/ou en dificultade socio-familiar e en vías de integración socio-laboral, sendo ese importe da ocupación todo o ano, o de 25.780.70 euros .

O pagamento destas cantidades para o exercicio 2008 supoñen unha achega de 5.156,36 € correspondente ao mantemento e de 21.841,97 € correspondente ao importe das dúas prazas reservadas para todo o ano, desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2008,



é o dunha praza desde o 16 de xuño ao 31 de decembro de 2008, que representa unha achega total de 26.998,33 € (custo unitario anual por praza: 8.593,57 €; custo de dúas prazas do 01/01/2008 ao 31/12/2008: 17.187,13 €; custo dunha praza do 16/06/2008 a 31/12/2008: 4.654,84 €)

#### **CUARTA: PAGAMENTO**

Os pagamentos da achega da deputación faranse con cargo á aplicación 0701/324A/22699 en dous prazos, do modo seguinte:

1º prazo: Aboarase na súa totalidade a achega da deputación, correspondente ao concepto de gastos de mantemento, no primeiro trimestre do ano, xunto co pagamento do 50%, do importe do custo das prazas reservadas, previa solicitude do concello, coa seguinte documentación:

- Presuposto anual previsto para o centro no exercicio subvencionado.
- Acreditación de estar ao corrente nas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.

2º prazo: O 50% restante, do custo das prazas reservadas, aboarase previa presentación, antes do 31 de marzo do ano seguinte, da documentación xustificativa que se indica:

- Memoria anual da actividade, correspondente ao exercicio que se xustifica, onde consten o nivel de ocupación total do servizo de acollida, e a ocupación das prazas reservadas no programa provincial.
- Certificación do concello na que consten os pagamentos efectuados, e os ingresos obtidos por parte doutras administracións públicas, das usuarias ou de entes privados, para os mesmos conceptos subvencionados neste convenio (gastos de persoal e gastos correntes).
- Acreditación de estar ao corrente nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ou autorizar á deputación para obter os datos correspondentes. A deputación determinará de oficio se están ao corrente nas obrigas fiscais con ela.

En todo caso a efectividade dos pagamentos recollidos neste convenio poderá materializarse pola vía de compensación conforme ao art. 109 da Lei de bases de réxime local.

#### **QUINTA: PROCEDIMENTO PARA OS INGRESOS, COMPROMISOS DAS PARTES, SEGUIMENTO PRÓRROGA E BAIXA**

1º.- Procedemento para o ingreso:

A canle de acceso ao servizo de acollida que oferta a deputación son os Servizos Sociais Municipais.

Levarase a cabo, mediante solicitude do alcalde, dirixida á Presidencia da deputación, pola que asume o concello os compromisos correspondentes, como son os informes e

o seguimento que se citan no texto do convenio e que se refiren aos Servizos Sociais municipais do lugar de procedencia da usuaria.

A solicitude virá acompañada de informe social.

Os citados servizos municipais, consultarán previamente coa Dirección da Casa de Acollida, sobre a existencia de prazas libres, e darán conta disto na súa solicitude á deputación.

Unha vez recibida a petición sobre o ingreso da usuaria, Presidencia resolverá, dando conta disto ao concello solicitante, para que proceda á ocupación necesaria.

En situacións de emerxencia, poderá procederse ao ingreso a petición razoada, verbal ou escrita dos Servizos Sociais municipais, dirixida á Dirección da Casa de Acollida, ou a propia interesada poderá ser recibida na Casa, xa sexa directamente ou por remisión dos servizos administrativos, sanitarios ou xudiciais que encontren actuando, dando conta á Dirección, no seguinte día hábil á deputación dese ingreso, para que poida remitir o caso aos Servizos Sociais municipais do concello de procedencia e solicitar a documentación correspondente.

Será flexible a admisión de nais con fillos e fillas, no caso de ter vacantes, non contando como ocupación de prazas reservadas o ingreso de nenos e nenas que non ocupen cama de adultos, estimándose que concorre esa circunstancia en todo caso nos que non superen a idade de dous anos.

2º.- Compromiso das partes:

Os compromisos para o funcionamento do servizo, serán os seguintes:

2.1. Da usuaria:

A usuaria debe comprometerse a aceptar as condicións que sinala o Regulamento de réxime interno da Casa para a súa estada, así como o caso de que exista unha Ordenanza reguladora de aplicación, deberá cooperar economicamente conforme ás ditas previsións.

No caso de ingresos das usuarias, minorarase o importe dos pagos efectuados como achega para o pago das prazas comprometidas pola deputación, o que se fará constar na documentación xustificativa, ao indicar o total dos ingresos obtidos.

2.2 .Dos Servizos Sociais do concello solicitante:

O concello de procedencia da usuaria, realizará a xestión da praza nas Casas de Acollida con servizo de reserva.

Cursará a petición de ingreso á deputación, e emitirá os informes que se precisen. Así mesmo comprométese a realizar o seguimento e coordinación co servizo de Casa de Acollida, e coa usuaria, ata que esta cause baixa nela, colaborando desde o seu ámbito ao

desenvolvemento do proxecto de traballo que elaboren coa Casa de Acollida e a propia usuaria.

Os servizos sociais municipais, poderán ser convocados pola deputación, para a avaliación de resultados do servizo de prazas en Casas de Acollida, ofertado pola deputación.

### 2.3. Do Servizo de Casa de Acollida:

A Dirección da Casa de Acollida comprométese a comunicarlle a esta Deputación, as altas e baixas que se produzan nas prazas reservadas. Cando se trate dun ingreso urxente, que non fose solicitado por escrito, deberá realizarse a dita comunicación no día seguinte hábil. Así mesmo comprométese á coordinación cos Servizos Sociais municipais de procedencia, durante a estadía, elaborando coa usuaria e o concello citado, o proxecto de traballo, as propostas de prórroga de estadía, ou a de baixa da usuaria, que lle remitirá á deputación, indicando en ambos casos, a causa que a motiva.

Igualmente, cando proceda segundo o convenio, haberá de remitir a memoria e informes sobre o funcionamento do servizo.

#### 3º.- Requisitos para as estadias, a prórroga e a baixa :

Establécese un período de oito días, en admisión provisional, desde o ingreso no centro, para que por parte do equipo técnico da Casa de Acollida, poida realizarse unha valoración da idoneidade do recurso, tendo en conta os medios con que conte para realizar información, asesoramento e a elaboración dos informes necesarios.

Durante ese período, a usuaria e o Servizo da Casa de Acollida, valorarán a conveniencia, da súa baixa se procede, ou da permanencia no réxime de acollida, que lle trasladarán á deputación, acordando as condicións da estadía, mediante a elaboración dunha proposta de plan de traballo, definindo nel, os obxectivos iniciais que perseguen, para remitilos aos servizos sociais municipais.

A permanencia no centro dispórase inicialmente mediante resolución da Presidencia da deputación, por un período de ata tres meses. Transcorridos estes, poderase solicitar unha prórroga razoada, ata o límite de tres meses máis

A prórroga deberá ser solicitada pola usuaria do servizo, remitíndose pola Casa de Acollida esa petición cun informe, ao concello de procedencia, o cal deberá informar así mesmo sobre a dita solicitude, remitíndolle a documentación á deputación, para a concesión da prórroga que resolverá igualmente a Presidencia da deputación.

A baixa efectiva no servizo, sexa pola causa que for, débella comunicar a Casa de Acollida a esta deputación, sinalando a causa pola que se produciu. Poderá producirse a causa da petición da usuaria ou a proposta da Casa de acollida ou do concello de procedencia da usuaria. Igualmente, poderá propoñerse a remisión da usuaria á Vivenda tutelada de Culleredo cando proceda, e mentres estea vixente o convenio co concello titular da Vivenda indicada.

## **SEXTA: VIXENCIA**

Este convenio terá unha vixencia anual. No presente exercicio terá eficacia retroactiva dende o un de xaneiro e estará vixente até o trinta e un de decembro de 2008.

Os compromisos económicos previstos nel, terán efectos retroactivos no que fai referencia ás achegas de gastos de mantemento e de dúas prazas reservadas, de non estar efectuados os pagamentos conforme ao convenio anteriormente vixente, o cal queda sen efecto desde a sinatura deste novo convenio.

En canto á terceira praza de reserva que se incrementa neste convenio, os seus efectos económicos serán desde o día 16 de xuño de 2008, en que se materializou o compromiso de reserva á disposición do programa da deputación.

Este convenio poderá ser prorrogado anualmente, ata un máximo de catro anos incluído o período inicial, por acordo expreso entre as partes, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio.

As achegas económicas pactadas, no caso de prórroga, só se incrementarán co IPC anual, a partir do un de xaneiro de 2009, que se aplicará sobre as seguintes cantidades: 5.156,36 € correspondente ao mantemento e 25.780,70 € correspondente ao importe das tres prazas reservadas para todo o ano.

A denuncia do convenio, haberá que facela con anterioridade ao último trimestre do ano en que se considere concluído.

## **SETIMA : CONTROL E INCLUSION NOS REXISTROS PUBLICOS**

O concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control sobre as axudas pagadas, co fin de acreditar a aplicación dos fondos, o financiamento da actividade e o cumprimento das obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985 do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982 do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

No cumprimento do disposto no art. 20-1 da Lei xeral de subvencións, os datos da subvención para mantemento dos servizos de acollida de mulleres, serán remitidos á Intervención Xeral do Estado para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/99 do 13 de decembro.

## **OITAVA: RESCISION E REINTEGROS POR INCUMPRIMENTO**

O incumprimento non xustificando do pactado, poderá dar lugar á rescisión do convenio.

O concello queda obrigado ao reintegro do percibido máis os xuros de mora. Así mesmo, procede o reintegro dos importes que corresponda no caso de percibir o concello outras axudas para a cobertura dos custos financiados pola deputación, na contía que exceda do total do importe xustificado.

Os reintegros poderán realizarse por compensación.

#### **NOVENA: CARÁCTER DO CONVENIO E NORMATIVA DE APLICACIÓN SUPLETORIA**

O presente convenio ten carácter administrativo e as cuestións litixiosas que poidan xurdir serán competencia da xurisdición contencioso – administrativa.

Para a resolución das dúbidas estarase ao disposto na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, e verbo do non previsto neste convenio e nas bases de execución do orzamento da deputación para este exercicio, aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, xeral de subvencións.

#### **DÉCIMA: MODIFICACIÓNS**

Calquera modificación, pactada entre ambas as institucións, poderá incluírse como anexo do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión celebrada o día de dous mil oito.

E en proba de conformidade asinan por exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FERROL
Asdo. Salvador Fernández Moreda	Asdo. Vicente Irisarri Castro

Sr. presidente

Antes de pasar á parte de control, quixera dar as grazas a todos os grupos políticos por votar favorablemente todos os puntos da orde do día, orde do día que pasa desapercibido porque todos votamos favorablemente, pero que ten un contido importante.

Hoxe aceptamos a delegación de competencias de moitos concellos en materia de xestión tributaria. Como vostedes saben, estamos facendo a xestión de todos os impostos e taxas municipais de 82 concellos da provincia e do Consorcio das Mariñas, e hoxe un

grupo de concellos deciden ampliar esa delegación ata o 1 de xaneiro do ano 2022, e noutros Plenos xa aceptamos esta ampliación de delegacións. Isto pon de manifesto a confianza que os concellos teñen na Deputación na prestación deste servizo e o ben e eficientemente que funciona este servizo na Deputación. E isto que estamos facendo é manter este servizo porque indubidablemente fixemos investimentos cuantiosos en materia de persoal, en materia de software e hardware, e ter asegurada a prestación destes servizos coa delegación de competencias ata o ano 2022 pon de manifesto, non só que funciona ben, senón que pon de manifesto que seremos capaces en parte de cubrir os gastos que este servizo ocasiona.

Aprobamos tamén investimentos importantes a varios concellos da provincia e aprobamos convenios de colaboración con entidades que prestan servizos de atención social, de benestar social, a sectores claramente necesitados da solidariedade.

Entón, quérolle agradecer aos grupos da Deputación o voto favorable a todos os puntos presentados neste Pleno.

E no apartado de control hai unha moción do Grupo Popular que vai defender a Sra. Farjas. Entón, doulle a palabra para expor a súa urxencia.

## ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

### Sra. Farjas Abadía

Bos días a todos e a todas, dous elementos creo que fundamentan a urxencia ou a oportunidade e necesidade de votar hoxe esta moción. A primeira, digo, é a oportunidade, non nos cabe ningunha dúbida, tal como manifestaba neste momento o presidente desta Corporación, de que debemos de ampliar a outros servizos da Deputación a satisfacción que xera nos concellos as prestacións e servizos que ofrece a Deputación, co cal non me cabe ningunha dúbida de que é o momento, pero máis aínda nun contexto de tensións permanentes que está xerando a aplicación da Lei de dependencia, e a necesidade de dotar e coordinar os servizos que prestan os concellos, que son a cara visible e primeira de prestación de servizos aos dependentes. Sabemos o difícil que está sendo a aplicación dunha Lei de dependencia con dotación insuficiente e, polo tanto, que a dotación que teña por parte da Deputación e o destino adecuado á demanda que realmente teñen que prestar desde os concellos, se poida con certa liberdade de decisión e de xestión por parte deles, parécenos imprescindible.

Pero máis aínda, neste momento solicitouse a todos os concellos, porque se están elaborando os orzamentos da Deputación, e sei que no seo dos grupos de traballo que

están levando a cabo os responsables, os equipos técnicos destes programas, están neste momento revisando os programas de servizos sociais, co cal, é o momento. O prazo marcouno a propia Deputación e por iso entendemos que é neste Pleno no que se debería de traer.

E xa digo, as formulacións que subxacen nesta moción pretenden dar resposta á demanda que nos trasladaron os concellos de como e en que contexto deberían de redefinirse e redeseñarse os programas de servizos sociais que presta a Deputación.

Sr. Lagares Pérez

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados, bos días. Presenta esta moción o Grupo do Partido Popular para ser declarada ou non de urxencia. Eu, evidentemente, non vou entrar no fondo da cuestión, pero si cinguirme fundamentalmente a tres ou catro conceptos que incumben aos considerando e aos acordos.

Direi que a Lei de dependencia se está aplicando na comunidade autónoma cos orzamentos procedentes dos Orzamentos xerais do Estado, que nos consta que no ano 2009, no seu anteproxecto, vanse incrementar as partidas. En segundo lugar dicir que o Plan individualizado de atención, que é a aplicación da Lei de dependencia, entendemos que se está facendo desde a Xunta de Galicia, e os convenios entre a Deputación, na súa área de servizos sociais, e Vicepresidencia, que é a que leva servizos sociais, están funcionando de forma perfecta. A sensibilidade desde esta institución con distintos programas dedicados ás persoas que teñen menos posibilidades físicas ou psíquicas, creo que está debidamente confortado no orzamento, e quero tranquilizar á Sra. Farjas e ao Grupo Popular, que se verá reflectido nos Orzamentos 2009.

Polo tanto, non procede, baixo o noso punto de vista, baixo o punto de vista do Grupo Socialista, esta declaración de urxencia debido a que, primeiro, estanse acometendo programas de gran importancia dentro das limitacións que ten tamén esta institución. En segundo lugar, como ben dicía no orzamento 2009, os distintos servizos están traballando, dicirlle que non se vai conxelar o apartado de servizos sociais, que se vai incrementar, o cal quere dicir que, indubidablemente, é algo que non precisa a urxencia, senón que xa se está traballando nel. Moitas grazas.

Sr. Sande Muñiz

Grazas, Sr. presidente, Sras. deputadas e Sres. deputados, bo día a todos e a todas. Evidentemente a Deputación vai seguir apostando polos servizos sociais e vai incrementar de cara ao Orzamento de 2009 as súas contías, máis aínda cando estamos nun contexto económico complicado, o lóxico e o que a dirección política desta Deputación aposta é por

reforzar o apoio aos concellos para a prestación de servizos sociais. Evidentemente, como dicía o Sr. Lagares, imos votar en contra da urxencia e ademais porque tamén na propia exposición de motivos da moción enuméranse unha serie de cuestións que non nos parecen acertadas, pero en todo caso si compartimos, evidentemente, o feito de que temos que coordinar coa Vicepresidencia os programas, e así o estamos facendo, e de feito vou ter unha reunión nos próximos días coa delegada para coordinar os programas de atención primaria, creo que é evidente que, os propios concellos e os propios alcaldes e alcaldesas do Partido Popular recoñéceno, que nunca recibiron tanto diñeiro para servizos sociais, e é lóxico e normal, e van ter que seguir recibindo máis de cara ao ano que vén, non só imos incrementar as contías dos convenios que xa mantemos cos concellos de ata 10.000 habitantes, imos incrementar a posibilidade de convenios a todos os concellos de ata 20.000 habitantes, e ademais vanse incrementar tamén as contías para os programas de subvencións, tanto en políticas sociais como en políticas de igualdade.

Eu creo que xa neste ano o orzamento total dentro da área de servizos sociais chegou aos preto de 8 millóns, e de cara ao ano que vén haberá un incremento nese sentido. Ademais non só intentaremos incrementar as contías, senón tamén facilitar, intentar simplificar as xustificacións, é algo que xa estamos mirando cos servizos técnicos da área de servizos sociais, o xeito en que se lle poida facilitar aos concellos a xustificación dos convenios á hora de recibilo. Máis nada e reiterar o voto negativo á urxencia da moción.

Sr. presidente

Non procede ler a moción, pero xa tivo unha primeira quenda para facer iso se vostede o consideraba necesario. Estamos debatendo a urxencia, non debatemos o contido da moción. A moción tramítase, primeiro discútase a urxencia, se se aproba a urxencia éntrase a debater a moción, e cada grupo sitúase sobre o contido da moción, pero se non se aproba a urxencia, non se debate a moción.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 11 deputados (PP)

Votan en contra: 17 deputados (11 do PSOE e 6 do BNG)

Abstéñense: ningún deputado

Decae a moción ao non aprobarse a urxencia.



Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, procedéndose a redactar a acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.